# ESTATUTOS DA FEDERACIÓN GALEGA DE TIRO CON ARCO

**Capítulo I: Disposicións xerais**
Artigos 1-12

**Capítulo II: Estructura orgánica da FGTA**
Sección primeira: Órganos da FGTA
Artigos 13-18
Sección segunda: Asemblea xeral
Artigos 19-26
Sección terceira: Comisión delegada
Artigos 27-30
Sección cuarta: O presidente da FGTA
Artigos 31-37
Sección quinta: A xunta directiva e os seus membros
Artigo 38-42
Sección sexta: Os órganos técnicos e asesores
Artigos 43-44

**Capítulo III: Réxime electoral**
Sección primeira: Convocatoria de eleccións.
Artigos 45-50
Sección segunda: Elección da asemblea xeral
Artigos 51-53
Sección terceira: Elección do Presidente da FGTA
Artigos 54-55
Sección cuarta: Elección da comisión delegada
Artigo 56
Sección cuarta: Recurso electoral
Artigo 57

**Capítulo IV: Réxime económico**
Artigos 58-61

**Capítulo V: Réxime documental**
Artigos 62-64

**Capítulo VI: Réxime disciplinario**
Sección primeira: Principios xerais do réxime disciplinario da FGTA
Artigos 65-69
Sección segunda: Tipificación das infraccións
Artigos 70-73
Sección terceira: Sancións
Artigos 74-79
Sección cuarta: Órganos competentes en materia disciplinaria e procedemento sancionador
Artigos 80-83

**Capítulo VII: Da modificación dos estatutos e da disolución da FGTA**
Artigos 84-85

Disposición transitoria
Disposición derrogatoria
Disposicións derradeiras

## Capítulo I
## Disposicións xerais

Artigo 1. Denominación e obxecto.

1. A *Federación Galega de Tiro con Arco* (en adiante, FGTA) é unha entidade asociativa privada, sen ánimo de lucro, con patrimonio propio e independente ó dos seus asociados, que ostenta a representación galega deste deporte e que está integrada polos clubs, deportistas, técnicos e xuíces.

2. A Federación Galega de Tiro con Arco está integrada na Real Federación Española de Tiro con Arco (en adiante, RFETA), ostentando de maneira exclusiva a representación desta dentro da Comunidade Autónoma de Galicia no referente ó tiro con arco, conservando na integración a súa personalidade xurídica, o seu patrimonio propio e diferenciado, o seu orzamento e o seu réxime xurídico particular.

3. A FGTA engloba tódalas modalidades (sala, aire libre, recorrido de campo e recorrido de bosque) e tódolos tipos de arco (recurvo, composto, tradicional, recto e espido) recoñecidos actualmente pola RFETA e/ou pola Federación Internacional de Tiro con Arco (en adiante, FITA).

Artigo 2. Réxime xurídico.

1. A Federación Galega de Tiro con Arco ten personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins, regulando a súa estructura interna e funcionamento de acordo cos principios de representación democrática e participación.

A FGTA réxese polo disposto na Lei 11/1997, de 22 de agosto, Xeral do Deporte de Galicia, no Decreto 228/1994, de 14 de xullo, regulador das federacións deportivas galegas, na Orde de 28 de xullo de 1995, na Orde de 3 de abril de 2006, polo restante dereito propio da Comunidade Autónoma de Galicia e por estes estatutos. No seu defecto, resultarán de aplicación as normas da RFETA e, de forma supletoria, o dereito estatal.

Ó desenvolvemento do deporte do tiro con arco seranlle aplicables as regras de tiro con arco aprobadas pola Federación Internacional de Tiro con Arco e pola Real Federación Española de Tiro con Arco.

2. A FGTA é unha entidade de utilidade pública cos beneficios que o ordenamento xurídico outorga a estas entidades.

3. A Federación Galega de Tiro con Arco exerce, ademais das súas propias atribucións, por delegación funcións públicas de carácter administrativo, actuando neste caso como axente colaborador da Administración autonómica e local.

Tamén poderá realizar actividades non incompatibles co seu obxecto social de carácter industrial, comercial ou de servicios e destinar os seus bens ou recursos ós mesmos obxectivos e sen que en ningún caso poidan repartirse beneficios entre os seus membros.

4. A FGTA, axustará, no posible, as súas actuacións, en particular ó que se refire aos procesos electorais, ás recomendacións feitas pola

Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes (DOG nº 149, do 3 de agosto).

Artigo 3. Domicilio.

1. O domicilio social, que deberá radicar sempre dentro do territorio de Galicia, fixase en Lugo, na Rúa do Nubeiro, nº 2, entresollado C, podendo ser trasladado a outro lugar de Galicia por acordo da asemblea xeral, conforme estes estatutos por proposta da xunta directiva.

2. A comisión delegada, por maioría dos seus membros e cando as circunstancias o aconsellen, proporán o cambio do domicilio social dentro da mesma cidade.

3. En ámbolos casos, o traslado do domicilio deberá serlles notificado ós afiliados e a Dirección Xeral para o Deporte.

Artigo 4. Funcións e competencias.

Son funcións e competencias exclusivas da FGTA, derivadas do seu propio obxecto segundo o artigo 1 destes estatutos, as seguintes:

a) O goberno, xestión e administración do tiro con arco na Comunidade Autónoma de Galicia.

b) Dictar normas de aplicación específica ós arqueiros, establecendo listaxes e clasificacións deles.

c) A potestade para determina-la propia organización interna e para dicta-los regulamentos no ámbito da súa competencia conforme este estatuto e as disposición legais vixentes.

d) Elabora-los programas de promoción xeral do tiro con arco no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, en tódalas especialidades, promovendo e organizando actividades dirixidas ós arqueiros, tales como conferencias, congresos e colaborar cos organismos e entidades na investigación, estudio e práctica do tiro con arco, velando polo prestixio do tiro con arco.

e) Elabora-las normas técnicas do tiro con arco e dirixir e regula-las actividades propias da mesma.

f)) Desenvolver programas de especialización do tiro con arco.

g) Deseñar, elaborar e executar os plans de preparación dos deportistas de alto nivel e as listas dos mesmos en colaboración coa Administración deportiva de Galicia e, no seu caso, a Federación Española de Tiro con Arco.

h) Colaborar coa Administración Autonómica e cooperar coa Federación Española de Tiro con Arco na formación de técnicos deportivos da súa especialidade.

i) Organizar e dirixir as competicións de carácter oficial que se desenvolvan no seu ámbito territorial, de acordo coas normas e regulamentos autonómicos, estatais e internacionais que sexan de aplicación.

k) Designar ós deportistas que integrarán a selección galega de tiro con arco, para a cal os clubs deberán poñer a disposición da federación ós deportistas elixidos.

l) Representar a Galicia en actividades e competicións deportivas de carácter estatal ou internacional organizando as seleccións autonómicas.

m) Colaborar coa Administración deportiva de Galicia, cos entes locais e agrupacións deportivas escolares na organización e desenvolvemento dos programas xerais do deporte na idade escolar.

n) Exerce-la potestade disciplinaria deportiva -nos termos establecidos na Lei do Deporte, os seus regulamentos e os presentes estatutos- sobre todas aquelas persoas ou entidades que, atopándose federadas, desenvolven a modalidade deportiva correspondente no ámbito territorial da Comunidade Autónoma.

ñ) Resolver en vía de recurso as impugnacións contra os acordos dos órganos dos clubs deportivos que dependan das mesmas, sen prexuízo das competencias do Comité Galego de Xustiza Deportiva.

o) Executa-las resolucións do Comité Galego de Xustiza Deportiva.

p) Exerce-lo control das subvencións oficiais que se asignen ós clubs nas condicións que regulamentariamente se establezan.

q) Colaborar coa Administración deportiva de Galicia e outros órganos competentes da Administración Autonómica na prevención, control e represión do uso de sustancias e grupos farmacolóxicos prohibidos no deporte e na prevención e control da violencia no deporte.

r) Executar, por delegación da Administración autonómica, programas de promoción do tiro con arco.

s) Expedi-las licencias federativas.

t) Aqueloutras funcións que poida encomendarlle a Administración deportiva da Comunidade Autónoma.

<u>Artigo 5. Competicións oficiais.</u>

Para os efectos do artigo precedente, enténdese que son competicións oficiais de tiro con arco do ámbito da Comunidade Autónoma aquelas recoñecidas como tales pola FGTA, que dictará as normas oportunas para a súa regulación. Tales competicións deberán estar abertas a tódolos deportistas e clubs deportivos afiliados a FGTA, sen discriminación de ningún tipo, agás das derivadas das condicións técnicas de natureza deportiva axustándose ós regulamentos da RFETA e da FITA.

<u>Artigo 6. Organización territorial.</u>

1. Para o mellor desenvolvemento e xestión do tiro con arco, a FGTA poderá organizarse territorialmente en catro delegacións provinciais que terán un ámbito territorial coincidente coas da Comunidade Autónoma.

Poderán, así mesmo, crearse seccións ou asociacións que agrupen estamentos do ámbito da FGTA.

Tódolos órganos territoriais adoptarán a mesma estructura orgánica e democrática da FGTA.

Cada delegación quedará integrada polos clubs, deportistas, técnicos e xuíces que correspondan o ámbito fixado para cada delegación.

2. As delegacións axustarán a súa actividade ás normas dictadas pola FGTA a través dos órganos correspondentes, e singularmente, do seu presidente.

3. Os titulares das delegacións serán nomeados e cesados polo presidente da FGTA, de acordo co previsto no artigo 31.2 dos presentes estatutos. Do mesmo xeito, poderá prescindir da existencia da figura dos delegados.

A composición e facultades do equipo directivo da delegación será determinada polo delegado provincial, que dará conta ó presidente da FGTA. Poderá nomear un secretario, e, se é o caso, un tesoureiro.

Artigo 7. Estamentos.

A FGTA está integrada polos seguintes estamentos:

a) Arqueiros.
b) Clubs e entidades deportivas.
c) Técnicos, monitores e adestradores.
d) Xuíces-árbitros.

Artigo 8. Composición dos estamentos.

1. Pertencen ó estamento de arqueiros da FGTA tódalas persoas físicas que teñan licencia emitida pola FGTA ou pola RFETA por mediación da FGTA e estean ó corrente de pagamento da mesma.

2. Pertencen ó estamento de clubs deportivos da FGTA aqueles clubs ou entidades deportivas constituídas e rexistradas conforme a lexislación vixente, que teñan o seu domicilio social e desempeñen a súa actividade en Galicia, e que teñan por fin principal practica-lo tiro con arco conforme a estes estatutos, con subordinación ás autoridades dos órganos federativos nas materias da súa competencia. Deberán estar ó corrente de pagamento das obrigas federativas.

3. Pertencen ó estamento de técnicos, monitores e adestradores aquelas persoas físicas tituladas como tales pola propia FGTA ou pola RFETA de acordo coas fórmulas que en cada momento se esixan. Deberán posuí-la licencia correspondente e estar ó corrente do pagamento da mesma.

4. Pertencen ó estamento de xuíces-árbitros aquelas persoas físicas tituladas como tales pola propia FGTA ou pola RFETA de acordo coas fórmulas que en cada momento se esixan. Deberán posuí-la licencia correspondente e estar ó corrente do pagamento da mesma.

Artigo 9. Licencias.

1. A integración na FGTA producirase mediante a expedición por esta da correspondente licencia federativa ou documento de afiliación ou inscrición.

2. A integración na FGTA levará consigo a integración automática e para tódolos efectos na Real Federación Española de Tiro con Arco.

3. Para participar nas competicións oficiais de tiro con arco no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia será preciso posuí-la correspondente licencia federativa en vigor expedida pola FGTA ou pola RFETA a través daquela.

4. A FGTA poderá expedi-las súas propias licencias de acordo coas súas normas, en conformidade coas normas da RFTA e da FITA.

Artigo 10. Dereitos básicos dos membros da FGTA.

Son dereitos básicos dos compoñentes dos estamentos integrados na FGTA os seguintes:

a) Participar como electores e elixibles ós órganos de representación e goberno da FGTA dentro das condicións establecidas polos presentes estatutos.

b) Expresar libremente as súas opinións no seo da FGTA, con suxeición á lexislación vixente.

c) Participar nas competicións oficiais de tiro con arco de acordo cos presentes estatutos e nos correspondentes regulamentos.

d) Figurar nas clasificacións oficiais editadas pola FGTA, sempre que reúnan os requisitos deportivos necesarios.

e) Agruparse en asociacións deportivas, con ou sen personalidade xurídica, que deberán estar integradas necesariamente na FGTA.

f) Os demais dereitos derivados da lei ou dos presentes estatutos.

Artigo 11. Deberes básicos dos membros da FGTA.

Son deberes básicos dos devanditos compoñentes os seguintes:

a) Cumprir e facer cumpri-las disposicións legais, os presentes estatutos e demais regulamentos da FGTA e normas propias polas que se rexan.

b) Someterse á autoridade dos organismos federativos do que dependan e, no caso de entidades e clubs deportivos, cede-las súas instalacións cando sexan necesarias para celebrar actos ou competicións organizadas por aqueles e sempre que o permitan as súas propias actividades.

c) Contribuír os orzamentos da FGTA pagando cotas e outras obrigas pecuniarias aprobadas pola asemblea xeral, así como as multas nas que puidesen incorrer por sanción federativa. A xunta directiva da FGTA poderá acordar dar de baixa nesta a aquelas persoas ou entidades que incumpran as obrigas previstas neste parágrafo, o que se comunicará para o seu referendo á asemblea xeral na primeira reunión que esta celebre con posterioridade ó acordo da xunta directiva.

d) Non quebranta-la disciplina federativa en ningún dos seus ámbitos nin crear directa ou indirectamente situacións que poidan derivar en aldraxe ou molestia, e neutralizar polos medios máis eficaces as que eventualmente xurdan.

e) Contestar axiña ás comunicacións recibidas dos órganos superiores, facilitándolles a estes cantos datos e informes soliciten.

f) Esixir e tramitar polos clubs e entidades deportivas a obtención da licencia de arqueiro a tódolos socios que practiquen o tiro con arco.

g) Calquera outra fixada polas disposicións legais, estatutos e regulamentos.

Artigo 12. Baixa dos membros da FGTA.

Sen prexuízo do previsto no apartado c) do artigo anterior, a baixa (suspensión ou privación da licencia federativa) dos membros da FGTA (temporal ou perpetua) só poderá ser acordada polo órgano disciplinario que resulte competente segundo o previsto no artigo 81 dos presentes estatutos e polo procedemento regulado no artigo 82, como sanción a impoñer derivada da comisión dunha infracción tipificada nos presentes estatutos.

## Capítulo II
## Estructura orgánica da FGTA

Sección primeira: Órganos da FGTA

Artigo 13. Enumeración e natureza.

1. Son órganos de goberno e representación da FGTA:

a) A asemblea xeral.

b) O presidente.

c) A comisión delegada, que deberá constituírse no seo da asemblea xeral, de asistencia á mesma.

2. Son órganos complementarios de goberno para asistir ó presidente:

a) A xunta directiva.

b) O vicepresidente.

c) O secretario.

d) O tesoureiro.

3. Son órganos técnicos da FGTA as comisións e os comités.

Artigo 14. Forma de elección.

1. Son órganos electivos a asemblea xeral, o presidente e a comisión delegada, que serán elixidos conforme o establecido nos presentes estatutos.

2. Os demais órganos referidos no artigo 13 (os membros da xunta directiva e dos comités) serán designados e destituídos libremente polo presidente.

Artigo 15. Comunicación.

O nomeamento ou a renovación dos membros dos órganos de goberno e representación, dos órganos complementarios e dos comités que puidesen crearse dentro da FGTA, deberán ser comunicados a tódolos membros da asemblea xeral e á Dirección Xeral para o Deporte nun prazo máximo de dez días a partir da data do nomeamento.

Artigo 16. Disposicións comúns ós órganos colexiados.

A convocatoria dos órganos federativos colexiados corresponderá ó seu presidente, e dos acordos levantarase a correspondente acta polo seu secretario, especificando o nome das persoas que interviñesen e demais circunstancias que se consideren convenientes, así como o

resultado da votación e, se é o caso, os votos particulares contrarios ó acordo adoptado.

Artigo 17. Incompatibilidades.

1. Son causas de inelixibilidade para o desempeño dos cargos de membro da asemblea xeral, da comisión delegada da asemblea, do presidente e de membro da xunta directiva da FGTA, as seguintes:

a) Estar condenado por sentencia xudicial firme que leve anexa a pena principal ou accesoria de inhabilitación absoluta ou especial para cargo público.

b) Estar declarado incapaz por sentencia xudicial firme.

c) Estar inhabilitado para o exercicio de cargos federativos por sanción firme.

2. O cargo de presidente da FGTA é incompatible coa presidencia doutra federación deportiva e cos cargos de delegado provincial e presidente dun club de tiro con arco.

3. Os cargos de membro da xunta directiva, asemblea xeral e comisión delegada da mesma, son compatibles entre si e co desempeño de cargos directivos nas delegacións.

4. Cando sobreveña unha causa de incompatibilidade inicialmente non existente, a persoa afectada deberá cesar automaticamente no cargo que ocupe.

Artigo 18. Responsabilidade dos órganos da FGTA.

1. Polas responsabilidades federativas nas que poida incorrer no desempeño das súas funcións, os membros da asemblea xeral e da súa comisión delegada, así como o presidente da FGTA, responderán ante a propia asemblea xeral. Os restantes órganos responderán ante o presidente da FGTA. En ámbolos casos a responsabilidade será esixida no ámbito disciplinario de conformidade co disposto no título VII da Lei 11/1997, de 22 de agosto, Xeral do Deporte de Galicia e nos presentes estatutos.

2. O regulado no apartado anterior establécese sen prexuízo das demais accións legais e xudiciais de calquera tipo que poidan derivarse das conductas individuais ou colectivas dos órganos da FGTA. Para estes efectos, o presidente da FGTA estará facultado, no nome desta, para interpor e segui-las devanditas accións.

## Sección segunda: Asemblea xeral

Artigo 19. Composición, elección e cese.

1. A asemblea xeral é o órgano superior da FGTA na que estarán representados os seguintes estamentos:

a) Arqueiros.

b) Entidades deportivas inscritas na FGTA e no Rexistro de Asociacións Deportivas e Deportistas de Galicia.

c) Xuíces.

d) Técnicos, monitores e adestradores.

Os delegados provinciais designados polo presidente, no seu caso, pasarán a ser membros da asemblea xeral, podendo asistir as súas reunións, con voz pero sen voto.

2. Os membros da asemblea xeral serán elixidos cada catro anos, por sufraxio libre, igual, directo e segredo, entre e polos compoñentes de cada estamento, de acordo coa proporción que se establece no presente estatuto.

3. A representación dos clubs corresponde ó seu presidente ou persoa autorizada, de acordo cos seus propios estatutos.

O exercicio dos dereitos dos deportistas, dos técnicos e dos xuíces é persoal, e non admite ningunha delegación.

Ningún membro da asemblea poderá desempeñar unha dobre representación nesta.

4. Os membros que integran la asemblea xeral cesarán polas seguintes causas:

a) Por expiración do período de mandato para o que foron elixidos.

b) Por renuncia voluntaria.

c) Por incorrer en causa de incompatibilidade legal ou estatutaria.

d) Por morte o incapacidade declarada legalmente.

e) Por disolución da entidade, no suposto de representantes do estamento de entidades deportivas.

f) Por sanción disciplinaria deportiva imposta en forma regulamentaria, que implique inhabilitación para o desempeño de cargos federativos ou suspensión ou privación da licencia federativa oficial.

g) Por non renovación da licencia federativa oficial transcorrido un tercio da tempada.

5. Unha vez constatada algunha das causas enumeradas nas letras b), d), e) e f) do apartado anterior, o membro da asemblea xeral causará baixa de forma automática. En cambio, se se produce algunha das circunstancias previstas nas letras c) ou g) deberá darse audiencia ó afectado antes de ser efectiva a baixa.

Unha vez que a baixa surta plenos efectos conforme o parágrafo anterior, pasará a ocupar o seu lugar o seguinte en número de votos obtidos no seu estamento e circunscrición. En caso de non existir, o presidente convocará eleccións para cubrir o posto vacante.

Artigo 20. Número de membros de cada estamento na asemblea xeral. Proporcionalidade.

1. O número de membros da asemblea xeral da FGTA fixarase segundo os procedementos previstos no regulamento electoral.

2. A porcentaxe de cada estamento fixarase de acordo coas seguintes proporcións:

a) Representantes de clubs: entre 60 e 75%.

b) Representantes de deportistas: entre 20 e 30%.

c) Representantes de monitores e técnicos: entre 5 e 10%.

d) Representantes de xuíces: entre 5 e 10%.

e) Outros colectivos, se os houber: ata o 10%.

3. Unha vez aprobados definitivamente os censos electorais de cada un dos estamentos, e tendo en conta o número de membros do estamento de clubs, a xunta electoral fixará o número concreto de membros de cada estamento, segundo as porcentaxes e criterios establecidos no regulamento electoral.

4. Mentres o censo definitivo de clubs sexa inferior ou igual a 50, todos eles formarán parte da asemblea xeral. En calquera caso tódolos clubs deberán necesariamente cumprir os requisitos establecidos no artigo 50.1.b destes estatutos.

5. As porcentaxes xerais atribuídas a cada un dos estamentos poderán ser distribuídas proporcionalmente entre as distintas delegacións territoriais, de existir estas, en función do número e categoría de clubs (para o estamento de clubs) ou de individuos (para o resto de estamentos) incluídos no censo electoral, tendo en conta que cada delegación deberá ter como mínimo un representante para cada estamento, se o número de membros establecido para cada un deles o permite; de non ser así, a circunscrición electoral para ese estamento será única.

6. Cando o número de candidatos de calquera estamento coincida ou sexa inferior ao número de membros que hai que elixir, non será necesaria a celebración de eleccións polo que a ese estamento se refire, dando continuidade o procedemento electoral.

Non obstante, en caso de que en algún estamento da asemblea houbese máis dun 20% de vacantes, unha vez rematado o procedemento electoral, e nun prazo máximo de tres meses, o presidente convocará eleccións nese estamento ata cubrir as vacantes.

Artigo 21. Funcións.

Corresponde á asemblea xeral, en reunión plenaria, con carácter necesario e independente do asignado nos estatutos:

a) A aprobación do orzamento anual.

b) A aprobación do proxecto xeral de actividades, do calendario deportivo e das bases e regulamentos que rexerán a competición.

c) O control da xestión económica, deportiva e administrativa da federación mediante a aprobación da memoria de actividades realizadas no exercicio precedente, a liquidación do orzamento executado e o acceso ós libros que integran o réxime documental da federación.

d) A aprobación dos regulamentos ou normativas.

e) A aprobación e modificación dos seus estatutos.

f) A elección do presidente da FGTA e o seu cesamento a través da moción de censura.

g) A toma de cartos a préstamo e a emisión de títulos representativos de débeda.

h) A aprobación, por maioría de dous tercios dos membros da asemblea, do alleamento e gravame dos bens inmobles propiedade da FGTA.

i) A fixación, modificación e regulación das cotas pola expedición ou renovación da licencia federativa e demais cargas de carácter económico que poidan establecerse sobre os integrantes da FGTA.

k) Autoriza-la contratación do persoal ó servicio da federación.

l) Aproba-lo cambio do domicilio ou a apertura de oficinas ou dependencias da FGTA.

ll) Acordar a disolución e liquidación da FGTA.

m) A concesión de premios e distincións, a proposta da xunta directiva e de acordo co que establezan os regulamentos.

n) A designación, mediante votación, dos membros dos comités de disciplina deportiva.

ñ) Resolver aquelas outras cuestións sometidas á súa consideración.

o) Cantas outras resulten da lei ou destes estatutos.

Artigo 22. Réxime de funcionamento da asemblea xeral.

As reunións da asemblea xeral axustaranse o seguinte réxime:

a) A asemblea xeral reunirase unha vez ó ano, necesariamente durante o primeiro cuadrimestre do ano, en sesión ordinaria para os fins da súa competencia e como mínimo para a aprobación do novo orzamento e liquidación do anterior, aprobación do calendario e do programa deportivo, e das bases ou regulamentos que rexerán a competición e para a aprobación da memoria de actividades anuais.

As contas anuais e os orzamentos, cunha antelación mínima de quince días, teñen que estar no domicilio social da FGTA á disposición das persoas ou entidades con dereito a voto, as cales poderán pedir copia, que se lles entregará antes da celebración da asemblea.

b) As demais reunións terán carácter extraordinario e serán convocadas polo presidente, ou por proposta dun número de membros da asemblea non inferior ó 25%. Presentada a solicitude de convocatoria por un número de membros suficiente, o presidente deberá convocala necesariamente no prazo de dez días naturais. Desde a convocatoria ata a data de celebración da asemblea non poderán transcorrer máis de vinte días naturais.

c) A convocatoria, que deberá conte-la orde do día da reunión e lugar, data e hora de celebración, farase pública no taboleiro de anuncios da federación e nas delegacións territoriais con dez días de antelación á data da celebración. En todo caso notificarase individualmente a cada uno dos membros da asemblea, por calquera medio que permita ter constancia da data de recepción dela, cunha antelación mínima de 48 horas.

d) Actuará como presidente da asemblea xeral, con voz e voto, quen o sexa da FGTA e como secretario quen o sexa da propia federación. O presidente dirixirá a asemblea e os debates, resolverá as cuestións de orde e procedemento que puideran xurdir, dará a palabra a quen a solicite e poderá retirala cando as circunstancias o xustifiquen.

e) A asemblea xeral quedará validamente constituída cando concorran na primeira convocatoria a metade máis un dos seus

membros, e na segunda convocatoria, que terá lugar media hora máis tarde, calquera que sexa o número de asistentes. A asemblea xeral que teña por obxecto a disolución da federación, a destitución do presidente mediante moción de censura ou a modificación de estatutos requirirá en primeira ou segunda convocatoria a asistencia de alomenos a metade dos membros que a compoñen.

Acadado o quórum suficiente en calquera das dúas convocatorias, o presidente declarará constituída a asemblea e manifestará o número dos asistentes. Os membros da asemblea que se incorporen con posterioridade a este momento, só poderán votar se aínda non fosen chamados a deposita-los seus votos, neste caso a súa asistencia terase en conta a efecto do quórum nas votacións.

f) O desenvolvemento das reunións da asemblea xeral axustarase á orde do día previsto e comunicado. Calquera membro da asemblea poderá tomar a palabra, que deberá utilizar ordenadamente e por tempos prudenciais en función das circunstancias da reunión.

g) Os acordos da asemblea xeral adoptaranse por maioría simple de votos afirmativos entre os asistentes á reunión (cando os votos afirmativos superen ós negativos), agás que nestes estatutos se especifiquen maiorías cualificadas para asuntos concretos. No caso de empate, o presidente terá voto dirimente ou de calidade.

As votacións poderanse realizar de palabra ou mediante voto escrito e segredo, segundo o determine o presidente. O voto será sempre segredo para a elección do presidente da federación e para a moción de censura regulada no artigo 37 dos presentes estatutos.

As cuestións sobre as que verse o voto, serán formuladas de forma clara e concreta pola presidencia ou por calquera membro da asemblea en forma de moción, debendo votarse conxunta e alternativamente as que fosen opostas.

Non poderán presentarse mocións nin efectuarse votacións sobre asuntos que non fosen previamente incluídos na orde do día. Se nesta figurase o apartado de «*rogos e preguntas*», simplemente se deixara constancia na acta das manifestacións que poidan producirse sobre os asuntos, problemas ou propostas suscitadas nesa quenda.

h) A asistencia a reunións da asemblea xeral de persoas que non sexan membros do órgano deberá ser aprobada previamente polo presidente, que poderá convidar a aqueles que teñan un interese lexítimo e directo nalgún dos asuntos da orde do día.

i) Das sesións de la asemblea xeral o secretario levantará acta, especificando a data, hora e lugar de celebración da reunión, os nomes dos asistentes, indicando a representación das entidades deportivas que ostentan, a orde do día, o nome dos asistentes, o texto dos acordos que modifiquen ou amplíen as propostas sometidas a votación, os acordos adoptados, o resultado das votacións, e, no seu caso, os votos particulares contrarios ós acordos adoptados, así como as demais circunstancias que se consideren oportunas.

Os votos contrarios ó acordo adoptado ou as abstencións motivadas eximirán das responsabilidades que puideran derivarse, no seu caso, dos acordos da asemblea.

A acta poderá ser aprobada ó remate da sesión correspondente. No seu defecto, determinarse por sorteo os membros presentes ós que se lle remitirá a acta ós efectos da súa aprobación, sen prexuízo de que calquera membro da asemblea poida solicita-la remisión, e remiti-la súa conformidade ou rexeitamento da mesma. A acta considerarase aprobada se transcorridos quince días naturais desde a súa remisión non se formulase observación ou impugnación algunha do seu contido.

Artigo 23. Impugnación de acordos.

1. A aprobación da acta entenderase sen prexuízo do dereito a impugnar os acordos adoptados na asemblea xeral ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva, de conformidade co disposto no título VII da Lei de 11/1997, do 22 de agosto, Xeral do Deporte de Galicia, e polo Decreto 198/1998, do 25 de xuño, polo que se constituíu o Comité Galego de Xustiza Deportiva e se establece o procedemento de designación dos seus membros.

2. Serán impugnables os seguintes acordos da asemblea xeral:

a) Os que sexan contrarios á lei, ós regulamentos de desenvolvemento ou ós presentes estatutos.

b) Os que resulten gravemente lesivos para os intereses da FGTA en beneficio de un ou varios dos seus integrantes.

c) Os que supoñan un grave prexuízo para algún membro da FGTA que non teña obriga de soportalo.

d) Os que foran adoptados con abuso de dereito.

3. A impugnación dos acordos da asemblea xeral deberá efectuarse no prazo de tres meses dende a celebración da asemblea que o adoptou.

4. Estarán lexitimados para impugnar os acordos, solicitando a súa suspensión ou anulación, os integrantes da asemblea xeral e demais membros de pleno dereito integrados na FGTA.

5. A impugnación do acordo non suspenderá a súa eficacia, salvo que así o dispoña, con carácter provisional, o Comité Galego de Xustiza Deportiva.

Artigo 24. Convocatoria subsidiaria.

Calquera membro da asemblea poderá comunicar á Dirección Xeral para o Deporte a ausencia de celebración da asemblea xeral ordinaria unha vez transcorrido o primeiro cuadrimestre do ano ou a non convocatoria da asemblea extraordinaria proposta conforme ó artigo 22.b) e insta-la convocatoria subsidiaria. Co fin de garanti-lo cumprimento efectivo das funcións encomendadas á FGTA, a Dirección Xeral para o Deporte convocará á asemblea xeral se aprecia incumprimento do deber de convocatoria en tempo e forma, sen prexuízo da responsabilidade disciplinaria que proceda esixir.

Artigo 25. Carácter persoal do voto.

O voto será persoal. Non se admitirá o voto por correo. Tampouco se admitirá a delegación de voto, agás o correspondente ós clubs deportivos que poderá exercelo o seu presidente ou a persoa na que el delegue, sempre que non sexa membro da asemblea da federación, de

acordo cos seus propios estatutos e con carácter expreso e escrito para cada reunión. Ninguén poderá desempeñar máis dunha delegación de voto.

Artigo 26. Efectividade dos acordos.

1. Os acordos da asemblea xeral poderán versar sobre calquera materia da súa competencia e serán inmediatamente executivos, coidando da súa execución o presidente e a xunta directiva, sen prexuízo dos recursos que correspondan ante a xurisdicción competente.

2. Non poderán adoptarse acordos contrarios ós presentes estatutos sen a súa previa modificación, que deberá efectuarse, en todo caso, de acordo co procedemento estatutario.

## Sección terceira: Comisión delegada

Artigo 27. Natureza.

1. No seo da asemblea xeral deberá constituírse unha comisión delegada de asistencia á mesma, que terá carácter electivo e será un órgano de goberno e representación da FGTA.

2. O mandato da comisión delegada coincidirá co da asemblea xeral.

Artigo 28. Composición.

1. A comisión delegada estará composta por un número de membros comprendido entre cinco e once. En todo caso, deberán estar obrigatoriamente representados tódolos estamentos, respectándose a proporcionalidade da asemblea xeral.

2. A comisión delegada será elixida entre e polos membros da asemblea xeral mediante sufraxio ó inicia-lo seu mandato, segundo establece o artigo 56 dos presentes estatutos.

3. O número de membros da comisión delegada, así como o procedemento de elección, será o fixado polo regulamento electoral da federación. Será presidida polo presidente da federación como membro nato desta. Actuará como secretario, só con voz, o que o sexa da propia FGTA.

4. Os membros da comisión delegada manterán os seus cargos mentres sigan sendo membros da asemblea xeral dentro do período do seu mandato. No caso de que se producise algunha vacante cubriríase co seguinte candidato mais votado.

Artigo 29. Convocatoria.

1. A comisión delegada reunirase, como mínimo, cada catro meses para os fins da súa competencia e polo menos para realiza-lo seguimento da xestión deportiva e económica da FGTA.

2. Tamén poderá reunirse a comisión delegada, con carácter extraordinario, e convocada polo presidente, nos seguintes casos:

a) Por iniciativa do propio presidente.

b) Por iniciativa de alomenos un tercio dos membros da propia comisión delegada.

3. Neste último caso, o presidente deberá convoca-la comisión delegada dentro dun prazo máximo de quince días desde a recepción da petición por escrito no que conste inequivocamente a adhesión á petición do número de membros requirido.

4. Respecto ó seu funcionamento, será de aplicación analóxica e supletoria o establecido nos artigos 22, 23 e 24 respecto da asemblea xeral.

Artigo 30. Funcións.

1. Corresponden á comisión delegada da asemblea xeral as seguintes funcións:

a) A elaboración dun informe previo á aprobación dos orzamentos.

b) A modificación do calendario deportivo.

c) A modificación dos orzamentos e dos regulamentos.

d) O seguimento da xestión deportiva e económica da FGTA.

As modificacións non poderán exceder dos límites e criterios que a propia asemblea xeral estableza.

2. A proposta sobre os temas que se van tratar na comisión delegada corresponde ó presidente ou a un tercio dos membros da comisión delegada.

## Sección cuarta: O presidente da FGTA

Artigo 31. Réxime e funcións.

1. O presidente da FGTA é o órgano de goberno e representación que desempeña a súa representación legal, convoca e preside os órganos de goberno e representación e executa os acordos dos mesmos.

2. O presidente poderá nomear e substituír, segundo o seu criterio, titulares nas delegacións nas que se estructura a FGTA, conforme ó artigo 6. Os delegados provinciais desempeñarán as funcións que se lle encomenden e actuarán seguindo as súas instruccións.

3. É competencia do Presidente da FGTA:

a) Ostentar a representación legal da federación.

b) Convocar, conforme ó acordo adoptado pola xunta directiva da federación, á asemblea xeral.

c) Convocar á xunta directiva da federación.

d) Presidir os órganos de goberno e representación da FGTA. O presidente terá voto dirimente ou de calidade en caso de empate na adopción de acordos.

e) Executar os acordos adoptados polos órganos de goberno e representación da federación.

f) Promover e coordinar a actuación dos órganos federativos.

g) Ordenar pagos a nome da FGTA coa súa sinatura, sen prexuízo de calquera outras sinaturas que xunto á súa se establezan como necesarias, a tal efecto.

h) Coidar que os órganos federativos axusten a súa actuación ó disposto nos presentes estatutos, os regulamentos federativos e a normativa deportiva.

i) Designar e cesar libremente ós membros da xunta directiva.

k) Designar e cesar, a proposta dos respectivos comités, ó Presidente do Comité de Xuíces e comités técnicos da federación, sen prexuízo da competencia específica da xunta directiva para a proposición dos membros dos órganos disciplinarios federativos, que serán nomeados pola asemblea xeral.

l) Calquera outras que lle correspondan de acordo cos presentes estatutos, os regulamentos federativos ou a normativa deportiva da Comunidade Autónoma.

Artigo 32. Elección e duración.

1. O presidente da FGTA será elixido cada catro anos coincidindo cos anos dos Xogos Olímpicos de Inverno, mediante sufraxio libre, directo, igual e segredo polos membros da asemblea xeral na primeira sesión que esta celebre, unha vez elixida previamente para o mesmo período, de conformidade co disposto nos artigos 54 e 55 destes estatutos.

2. A duración do cargo de presidente será de catro anos.

Artigo 33. Vacante.

No caso de que, excepcionalmente, quede vacante a presidencia antes de que transcorra o prazo para o que foi elixido, cesará toda a xunta directiva, constituíndose a comisión delegada en comisión xestora, presidida polo membro de maior idade. Convocará á asemblea xeral, e esta acordará unha nova elección do presidente para cubri-la vacante polo tempo que falte ata a terminación do prazo correspondente o mandato ordinario. Se a vacante se producise por prosperar unha moción de censura, haberá que aterse ó disposto no artigo 37 destes estatutos.

Artigo 34. Gratuidade.

O cargo de presidente será gratuíto, sen prexuízo de que poida percibi-las indemnizacións xustificadas por axudas de custo e locomocións.

Artigo 35. Incompatibilidades

O desempeño do cargo de presidente será incompatible coas seguintes actividades:

a) Ocupación de cargos directivos noutras federacións deportivas, agás na Real Federación Española de Tiro con Arco.

b) Realizar actividades ou desempeño de cargos en asociacións deportivas ou clubs dependentes integrados na FGTA.

c) Actividades directivas relacionadas co tiro con arco e no ámbito territorial da federación. Non existirá incompatibilidade, en ningún caso, coa práctica do deporte.

Artigo 36. Cesamento.

O presidente cesará por:

a) Transcurso do prazo polo que foi elixido.

b) Dimisión.

c) Falecemento ou incapacidade física ou psíquica para continuar no exercicio do seu cargo.

d) Aprobación dunha moción de censura pola asemblea xeral.

e) Por sanción disciplinaria deportiva imposta en forma regulamentaria, que implique inhabilitación para o desempeño de cargos federativos.

f) Por incorrer en causa de inelixibilidade ou incompatibilidade. Neste último caso o presidente disporá dun prazo dun mes para dimitir ou cesar no posto que resulte incompatible co de presidente. Calquera membro da asemblea xeral poderá poñer en coñecemento da Dirección Xeral para o Deporte esta circunstancia.

Artigo 37. A moción de censura.

1. A moción de censura ó presidente poderá ser presentada polos membros da asemblea xeral que constitúan polo menos un 25% do seu número mediante escrito dirixido ó presidente da FGTA. Na devandita petición deberán solicitar a convocatoria dunha asemblea xeral extraordinaria coa dita moción como único punto da orde do día, así como propoñer un candidato alternativo á presidencia.

2. Para a convocatoria da asemblea xeral extraordinaria a que se refire este artigo, haberá que aterse ó disposto no artigo 22 destes estatutos. Nos sete días seguintes á convocatoria poderán presentarse mocións alternativas. A sesión da asemblea xeral na que se debata a moción de censura, estará presidida polo membro de maior idade. Non será válido o voto por correo, nin a asistencia por representación.

3. Para aproba-la destitución do presidente requirirase maioría absoluta, que se alcanzará cando os votos afirmativos superen a metade dos votos válidos emitidos. No seu defecto, realizarase unha segunda votación na que será suficiente a maioría simple de votos afirmativos dos asistentes.

4. No caso de prospera-la moción de censura, o candidato quedará investido cun mandato polo prazo que falta para concluí-lo período ordinario de catro anos.

5. Se a moción de censura non prosperase, os seus asinantes non poderán presentar unha nova dentro do período dun ano.

## Sección quinta: A xunta directiva e os seus membros

Artigo 38. Órganos complementarios.

Son órganos complementarios dos de goberno e representación da FGTA, para asistir ó presidente:

a) A xunta directiva.

b) O vicepresidente

c) O secretario xeral.

d) O tesoureiro.

Artigo 39. A xunta directiva.

1. A xunta directiva é o órgano colexiado de xestión da FGTA. Os seus integrantes serán designados e destituídos libremente polo presidente, que deberá nomear un vicepresidente, un secretario e un tesoureiro.

2. A asemblea xeral establecerá o número de membros da xunta directiva, que non poderá ser inferior a tres nin superior a nove.

3. Para ser membro da xunta directiva non será necesario formar parte da asemblea xeral, pero si da federación. Os membros da xunta directiva que non o sexan da asemblea xeral, terán acceso ás sesións da mesma, con dereito a voz pero sen voto.

4. A xunta directiva poderá delegar o exercicio das competencias que ten atribuídas nos membros que a integran. Os asuntos ordinarios de trámite serán despachados polo presidente e o secretario.

5. Tódolos cargos serán gratuítos e no caso de establecerse unha compensación económica a favor dalgún dos membros da xunta directiva, deberá ser expresamente acordada pola asemblea xeral por maioría absoluta (que se alcanzará cando os votos afirmativos superen a metade dos votos válidos emitidos) e constar de maneira diferenciada no orzamento. En ningún caso a compensación económica poderá ser satisfeita con cargo ás subvencións públicas que reciba a FGTA.

6. Os membros da xunta directiva cesarán polas seguintes causas:

a) Cesamento do presidente por calquera das causas contempladas no artigo 36, sen prexuízo da súa conversión en comisión xestora nos casos previstos nestes estatutos.

b) Dimisión.

c) Morte ou incapacidade física ou psíquica para continuar no exercicio do seu cargo.

d) Incorrer en causa de inelixibilidade ou incompatibilidade.

e) Sanción disciplinaria deportiva imposta en forma regulamentaria, que implique inhabilitación para o desempeño de cargos federativos.

f) Destitución acordada polo presidente, que deberá ser comunicada ó afectado.

7. Son competencia da xunta directiva da FGTA os seguintes asuntos:

a) Redacta-las propostas e documentos que sirvan de base á asemblea xeral, para que esta exerza as funcións que lle corresponden.

b) Fixa-la orde do día da convocatoria da asemblea xeral .

c) Elabora-los orzamentos para a súa presentación á asemblea xeral .

d) Presentar á asemblea xeral a liquidación do orzamento do exercicio anterior

e) Elabora-lo programa e o calendario de competicións da federación.

f) Propoñer as candidaturas dos membros dos comités de disciplina deportiva á asemblea xeral para que esta mediante votación proceda á súa designación, segundo o establecido no artigo 81.

g) Xestiona-la inscrición de entidades deportivas.

h) Designa-los membros que integran a selección galega de tiro con arco.

i) Propoñer á asemblea xeral o cambio do domicilio ou a apertura de oficinas ou dependencias da FGTA.

k) Propoñer á asemblea a concesión de premios e distincións polo desenvolvemento da actividade deportiva ou promoción do tiro con arco no ámbito de Galicia.

l) Efectua-la contratación do persoal ó servicio da federación, unha vez superadas as correspondentes probas, previa autorización da asemblea xeral.

ll) Interpretar as dúbidas que xurdan respecto á interpretación dos presentes estatutos ou dos regulamentos federativos.

m) Colaborar co presidente na dirección económica, administrativa e deportiva da federación, e na execución dos acordos da asemblea xeral.

n) Adoptar as medidas deportivas, económicas e administrativas necesarias para o fomento e desenvolvemento da federación, sempre e cando non sexan competencia do presidente ou da asemblea xeral.

ñ) Resolver as impugnacións dos acordos dos clubs da FGTA presentadas polos seus membros con carácter previo ó recurso que poida presentar ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva. Para o exercicio desta función será aplicable de forma analóxica o previsto no artigo 23 destes estatutos para a impugnación de acordos da asemblea xeral, tendo en conta que as referencias á FGTA entenderanse feitas ó club afectado. Estarán lexitimados para presentar a impugnación os membros do club do cal se recorre o acto.

o) Conceder ou denegar de xeito motivado as licencias federativas solicitadas conforme ó artigo 9 destes estatutos.

p) Calquera outra competencia que lle sexa delegada ou encomendada polos órganos da federación.

8. Os acordos que adopte a xunta directiva no exercicio das súas funcións serán aprobados co voto favorable da maioría dos seus integrantes asistentes á reunión (cando os votos afirmativos superen ós negativos). No caso de empate, o presidente terá voto dirimente ou de calidade. Contra as súas resolucións caberá recurso ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva, sendo aplicable de forma analóxica o disposto no artigo 23 destes estatutos para a impugnación de acordos da asemblea xeral.

Artigo 40. O vicepresidente.

O presidente elixirá entre os membros da xunta directiva un vicepresidente, que o será tamén da federación, que substituirá o presidente por delegación, imposibilidade física ou ausencia temporal.

Artigo 41. O secretario.

O presidente da FGTA nomeará un secretario, que o será tamén da federación, que exercerá as funcións de fedatario e asesor, e máis especificamente:

a) Levantar actas das sesións dos órganos de goberno e representación, con indicación dos asistentes, temas tratados, o resultado das votacións e, se é o caso, os votos particulares contrarios o acordo adoptado.

b) Expedi-las certificacións oportunas das actas dos órganos de goberno e representación.

c) Remitir á Dirección Xeral para o Deporte as actas das reunións da asemblea xeral e da comisión delegada no prazo de quince días desde a data da súa celebración, así como as convocatorias das mesmas.

d) Cantas funcións lle encomenden os presentes estatutos (especialmente o artigo 63) e os regulamentos da FGTA, ou lle sexan delegadas polo presidente.

2. No caso de ausencia ou imposibilidade física do secretario, as súas funcións serán desempeñadas polo propio presidente da FGTA ou pola persoa na que delegue.

Artigo 42. O tesoureiro.

1. O tesoureiro da FGTA é o órgano de administración da mesma.

2. Exercerá como funcións propias:

a) Leva-la contabilidade da federación.

b) Exerce-la inspección económica de tódolos órganos da federación.

c) Elaborar e presentar informes á comisión delegada do estado contable da federación

d) Calquera outra función que lle encomenden os estatutos e regulamentos da federación.

## Sección sexta: Os órganos técnicos e asesores

Artigo 43. Creación de órganos técnicos.

1. A FGTA poderá crear, logo da súa aprobación pola asemblea xeral, cantas comisións e comités precise, ademais das seguintes:

a) A dirección técnica.

b) Os comités de disciplina deportiva: xuíz único e comité de apelación.

c) Comité de xuíces.

2. Tódalas comisións se rexerán polos seus respectivos regulamentos internos e, se é o caso, pola normativa nacional da Real Federación Española de Tiro con Arco, pola lexislación aplicable, e polo disposto nos presentes estatutos.

3. Tódolos presidentes dos comités serán nomeados polo presidente da FGTA.

Artigo 44. Comité de xuíces

1. No seo da FGTA constituirase, de maneira obrigatoria, un comité de xuíces, do que o presidente será designado polo presidente da FGTA a proposta do comité, segundo o seu regulamento.

2. Este comité adoptará a estructura territorial da FGTA.

3. Serán funcións deste comité:

a) Establece-los niveis de formación de xuíces.

b) Clasificar tecnicamente os xuíces. Estas clasificacións comunicaranse á asemblea xeral.

c) Propoñe-los candidatos a xuíces nacionais.

d) Propoñerlle á asemblea xeral as normas administrativas que regulan a arbitraxe.

e) Designa-los xuíces nas competicións oficiais de ámbito galego.

f) Colaborar cos órganos competentes da FGTA na formación de xuíces.

## Capítulo III
## Réxime electoral

### Sección primeira: Convocatoria de eleccións.

Artigo 45. Celebración de eleccións.

1. A FGTA procederá á elección da asemblea xeral, presidente e comisión delegada cada catro anos.

2. O proceso electoral celebrarase dentro do ano no que corresponda a celebración dos Xogos Olímpicos de Inverno, debendo prever o procedemento ordinario a súa finalización antes do 31 de decembro do citado ano.

Artigo 46. Convocatoria de eleccións.

1. O presidente da federación convocará asemblea xeral en sesión extraordinaria, para aprobación do regulamento e calendario electoral. A convocatoria de eleccións será realizada polo presidente, observando os mandados contidos no regulamento e calendario electoral.

2. Garantirase a máxima difusión e publicidade do procedemento electoral coas medidas previstas nas disposicións federativas. A convocatoria de eleccións será notificada a través dun medio que permita asegurar a recepción da notificación, cando menos, aos clubs integrantes da federación, e exposta no taboleiro de anuncios na sede da federación e nas delegacións territoriais, se as houber, cun mínimo de vinte días de antelación ao inicio do procedemento, utilizando, se for posible, os medios electrónicos ou informáticos dos que dispoña a federación. No mesmo prazo deberá ser remitida copia da convocatoria á Dirección Xeral para o Deporte.

3. A notificación da convocatoria de eleccións deberá conter cantos datos se precisen para o correcto desenvolvemento do proceso electoral, e sinaladamente:

a) Regulamento e calendario electoral.

b) Lugar, data e hora de celebración dos actos propios do proceso electoral.

c) Lugar de consulta dos censos electorais, garantindo o acceso a súa consulta a tódolos membros da federación interesados, así como os procedementos establecidos para as reclamacións destes.

d) Modelos oficiais de sobres e papeletas.

e) Composición e sede da xunta electoral da federación.

4. Simultaneamente á convocatoria de eleccións, a xunta directiva disolverase, constituíndose en comisión xestora, que só poderá adoptar acordos de mera administración e trámite. A comisión xestora convocará e realizará novas eleccións no prazo máximo de tres meses no caso de que non se presentase ningunha candidatura ou non fose válida ningunha das presentadas.

5. Se as eleccións non fosen convocadas chegado o momento oportuno, a Dirección Xeral para o Deporte poderá proceder a convocalas para constituí-los órganos de goberno da federación ó remate do mandato de cada un deles, na forma que se regula estatutariamente. A estes efectos, calquera membro federado poderá efectuala correspondente solicitude á Administración autonómica.

Artigo 47. Regulamento electoral.

1. O regulamento electoral elaborado pola xunta directiva, antes da súa aprobación pola asemblea xeral, poderá ser remitido á Dirección Xeral para o Deporte para a emisión dun informe de adecuación á normativa existente. Este informe será emitido no prazo máximo de dez días hábiles dende a recepción da solicitude.

2. Unha vez aprobado o regulamento electoral por parte da asemblea xeral de cada federación, presentarase na Dirección Xeral para o Deporte, quen resolverá, no prazo máximo de 15 días hábiles desde a entrada do regulamento no seu rexistro, sobre a adecuación deste á normativa electoral de aplicación. En caso de non adecuación, procederase a súa devolución para a corrección dos extremos discordantes. Transcorrido este prazo sen que se dicte resolución, entenderase aprobado o regulamento. No caso de ser necesaria a emenda de deficiencias, indicaranse estas e concederanse dez días hábiles para proceder á dita corrección.

3. A asemblea xeral que aprobe o regulamento electoral deberá decidir tamén, no caso de ser necesaria a emenda de deficiencias, se corresponde a convocatoria de nova asemblea xeral para a aprobación do regulamento electoral coas modificacións feitas pola Dirección Xeral para o Deporte, ou ben, a delegación na comisión xestora da facultade de aprobación e realización das modificacións indicadas, sen necesidade de novo sometemento á aprobación da asemblea xeral. Unha vez feitas estas modificacións, o novo regulamento presentarase á Dirección Xeral para o Deporte para a súa ratificación definitiva.

4. O regulamento electoral determinará as seguintes cuestións:

a) Calendario electoral: prazos, requisitos para presentación e reclamacións de candidatos, así como sistemas de desempate e reclamacións.

b) Sistema de elección, composición, competencias e funcionamento da xunta electoral e das mesas electorais.

c) Censo electoral, dividido por circunscricións electorais de existiren estas.

d) Número de membros da asemblea e distribución destes por estamentos.

e) Circunscricións electorais, se é o caso, e número de representantes de cada estamento por cada unha delas.

f) Regulación do voto por correo.

g) Sistema de elección do presidente.

h) Composición e sistema de elección da comisión delegada.

i) Procedemento de resolución de conflictos, reclamacións e recursos electorais.

k) A contía exacta das axudas de custo destinadas a sufragar os gastos dos membros da xunta electoral e das mesas electorais.

5. Calquera procedemento electoral iniciado con base nun regulamento electoral non aprobado pola Dirección Xeral para o Deporte será nulo de pleno dereito.

Artigo 48. Xunta electoral.

1. A xunta electoral constituirase de forma simultánea á convocatoria de eleccións de acordo cos criterios que estableza o regulamento electoral.

2. Co obxecto de facilitar a presentación de solicitudes para membros da xunta electoral, o regulamento electoral fixará a contía exacta das axudas de custo que se prevean para sufragar os posibles gastos ocasionados.

3. As xuntas electorais estarán integradas por tres membros titulares e tres suplentes, elixidos por sorteo na asemblea xeral, entre as persoas que presenten a súa candidatura. Poderá asistir á xunta electoral como secretario de actas un membro da federación con voz e sen voto designado pola asemblea xeral.

O membros da xunta deberán reunir os requisitos seguintes:

a) Ser maior de 18 anos.

b) Ter o título de bacharelato superior ou equivalente.

c) Non presentarse como candidato a membro da asemblea xeral.

d) Non ter relación contractual ou profesional coa FGTA.

e) Ter licencia federativa en vigor.

4. No caso de non presentación de candidatos a membros da xunta electoral, o presidente da federación proporalle á asemblea os membros necesarios para completar a súa composición, que deberán reunir os requisitos definidos no apartado anterior.

5. Actuarán como presidente e secretario da xunta electoral os membro de maior e menor idade, respectivamente. As decisións da xunta electoral tomaranse por maioría de votos. Unha vez adoptadas serán executivas aínda que se presente recurso contra elas.

6. No acto de sorteo designaranse, ademais, tres suplentes para supostos de enfermidade ou calquera outra causa excepcional.

7. A xunta electoral exercerá as seguintes funcións:

a) Comprobar que o proceso para a elección dos órganos de goberno e representación federativos cumpre tódolos requisitos formais establecidos nestes estatutos e demais normativa de aplicación.

b) Organizar os proceso de elección da asemblea xeral e do presidente da federación, segundo o disposto no regulamento electoral.

c) Designar as mesas electorais de conformidade co previsto no regulamento electoral.

d) Aprobar a documentación electoral e especialmente as candidaturas que reúnan os requisitos esixidos, que deberán ser expostas na sede da federación e nas súas delegacións.

e) Proclamar ós membros da asemblea xeral e da comisión delegada e ó presidente da FGTA

f) Coñecer e pronunciarse sobre os recursos que se presenten.

g) Custodiar a documentación correspondente a todo o proceso electoral ata a súa finalización.

h) En xeral, decidir calquera outras cuestións que afecten directamente á celebración das eleccións e ós seus resultados e cantas facultades lle sexan atribuídas polo regulamento electoral de aplicación.

8. Una vez concluído o proceso electoral da asemblea xeral, do presidente da FGTA e da comisión delegada, a xunta electoral disolverase.

Artigo 49. Censo electoral.

1. O censo electoral incluirá as persoas físicas ou xurídicas que reúnan os requisitos para seren electores e elixibles, de acordo co establecido no artigo 50 dos presentes estatutos. Así mesmo, deben agruparse os seus compoñentes por circunscricións electorais, de existiren estas.

2. Simultaneamente á convocatoria de eleccións publicarase un censo provisional.

3. No censo provisional incluiranse os seguintes datos:

a) Para os deportistas, técnicos-monitores e xuíces: nome, apelidos, número de licencia federativa e DNI.

b) Para os clubs deportivos: nome, denominación ou razón social e número de inscrición no Rexistro de Asociacións Deportivas e Deportistas de Galicia. Os datos dos clubs deberán ser coincidentes cos datos contidos no Rexistro de Asociacións Deportivas e Deportistas de Galicia, tendo a federación a obriga de cotexar os ditos datos. No caso de discrepancias entre os datos que se encontran no rexistro da federación e os que se encontran no Rexistro de Asociacións Deportivas e Deportistas de Galicia, establecerase un prazo de 10 días para a corrección das posibles discrepancias ou erros.

4. Unha vez contrastados os datos, o censo provisional será exposto publicamente, se ben, con carácter previo á súa exposición pública, será enviado á Dirección Xeral para o Deporte xunto co regulamento electoral aprobado pola asemblea xeral. A súa exposición

pública deberá facerse de xeito que sexa facilmente accesible aos electores (no taboleiro de anuncios da federación e das delegacións territoriais, se é o caso, e na súa páxina web se a tiver), durante un prazo mínimo de oito días naturais para posibles reclamacións, resolvendo estas a xunta electoral da federación no prazo establecido no calendario electoral. Contra a resolución que adopte ao respecto a xunta electoral, poderá interpoñerse recurso ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva de conformidade co establecido no artigo 57 dos presentes estatutos.

5. O censo será considerado definitivo se non se presente reclamación ningunha ou, cando de presentarse, sexa resolta pola xunta electoral ou, se é o caso, polo Comité Galego de Xustiza Deportiva.

6. Os datos contidos no proceso electoral gozarán da protección do previsto na Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

Artigo 50. Electores e elexibles

1. Na elección dos membros integrantes da asemblea xeral, poderán ser electores e elixibles en representación dos estamentos que compoñen a FGTA as persoas e entidades que reúnan os seguintes requisitos específicos:

a) Para os estamentos constituídos por persoas físicas (arqueiros, técnicos e xuíces): as persoas maiores de idade no momento da convocatoria electoral que, como mínimo, cumpran os seguintes criterios:

- Se as eleccións se realizasen no primeiro tercio da tempada, estivesen en posesión de licencia federativa nas dúas últimas tempadas.

- Se as eleccións se realizasen no resto da tempada, estivesen en posesión de licencia federativa en vigor e a tivesen na tempada anterior.

b) Os clubs inscritos na FGTA que cumpran os requisitos establecidos na Lei 11/1997, que conserven a súa personalidade xurídica e que participen ou desenvolvan actividades dos programas oficiais desta, e que ademais cumpran os seguintes requisitos:

I)

-Se as eleccións se realizasen no primeiro tercio da tempada, que participasen ou tivesen actividade oficial nas dúas últimas tempadas.

-Se as eleccións se realizasen no resto da tempada, que participen ou teñan actividade oficial na tempada en vigor e a anterior.

II)

- Se a federación ten 30 clubs ou menos: os clubs que teñan cando menos o 4% do total das ditas licencia.

- Se a federación ten máis de 30 clubs: os clubs que teñan cando menos o 2% do total das ditas licencia.

Para o cálculo destas porcentaxes teranse en conta, como mínimo, os seguintes criterios:

a) O número total de licencias establecerase con base nos datos da última tempada finalizada.

b) Soamente se computarán o número de licencias pertencentes e tramitadas a través dos clubs inscritos na federación correspondente.

c) Non se computarán as licencias vinculadas aos programas de escolas ou cursos.

2. Os membros da federación que pertenzan a dous ou máis estamentos no censo provisional, deberán optar por un deles ante a xunta electoral, mediante escrito que deberá cursarse no período de reclamacións ao censo. O regulamento electoral deberá especificar os criterios para identificar os electores nun único estamento no caso de non existir a proposta individual.

## Sección segunda: Elección da asemblea xeral

### Artigo 51. Composición e competencias das mesas electorais.

1. En cada circunscrición electoral constituirase unha mesa electoral para a elección dos membros da asemblea dos diferentes estamentos. Estará radicada na sede de cada delegación territorial se as houber ou, de non habelas, nos lugares que se indique no regulamento electoral.

2. Cada mesa electoral estará composta por tres membros titulares (un presidente, un secretario e un vogal) e tres suplentes destes, elixidos por sorteo pola xunta electoral entre os integrantes do censo de cada circunscrición electoral, se é o caso. Os membros destas mesas non poderán ser candidatos. Serán presidente e secretario os membros de maior e menor idade respectivamente. A asistencia ás mesas electorais é obrigatoria e recollerase no regulamento electoral, salvo causa xustificada que deberá ser autorizada pola xunta electoral. A non asistencia a estas poderá dar lugar á apertura de expediente disciplinario de conformidade co establecido na Lei 11/1997, do deporte de Galicia, e no artigo 72.g dos presentes estatutos.

3. En cada mesa electoral os candidatos poden nomear interventores, entre quen desempeñe a condición de electores, que serán identificados ante a xunta electoral con antelación non inferior a 48 horas do día da celebración das respectivas votacións. A tal efecto a xunta electoral expedirá o correspondente documento acreditativo.

4. Son competencias da mesa electoral:

a) Comprobar a identidade dos votantes.

b) Recoller a papeleta de voto e depositala na urna pechada e preparada para os efectos.

c) Proceder ó reconto dos votos emitidos.

d) Levantar acta dos votos emitidos, resultados, incidencias e reclamacións se as houber, facendo constar o número de votos obtidos por cada candidato. A acta será subscrita por tódolos membros da mesa electoral, así como polos interventores, se os houber, remitíndose posteriormente á xunta electoral.

5. O regulamento electoral con cargo ó orzamento de cada federación fixará a contía exacta de axudas de custo para sufragar os posibles gastos ocasionados aos integrantes das mesas electorais.

Artigo 52. Sistema de votación.

1. As votacións dos membros da asemblea realizaranse en urnas separadas por estamentos. Cada elector exercerá o seu dereito de voto na mesa electoral correspondente á súa circunscrición, votando só polo estamento que lle corresponda, debendo optar por un en caso de pertencer a varios, conforme ó disposto no artigo 50.2 destes estatutos.

2. A votación desenvolverase sen interrupcións durante o horario que se fixe na súa convocatoria. Soamente por causa de forza maior poderá non iniciarse ou interromperse a votación. En caso de suspensión da votación non se terán en conta os votos emitidos nin se procederá ó seu escrutinio. Neste caso, a xunta electoral fixará unha data para a nova votación.

3. O dereito de votar será acreditado pola inscrición no censo electoral definitivo. Para a súa identificación, o elector deberá presentar o seu DNI ou pasaporte, e documento que acredite ter licencia deportiva en vigor.

Artigo 53. Voto por correo.

1. Unicamente se admitirá o voto por correo nas votacións para membros da asemblea dos estamentos integrados por persoas físicas.

2. O voto por correo exercerase cando os electores prevexan que na data de celebración das votacións non van poder acudir persoalmente á mesa electoral por participaren nunha competición oficial, por cumpriren un deber público de carácter inescusable, ou no caso de enfermidade. Tales causas deberán acreditarse documentalmente.

3. Para exercer o voto por correo previamente deberá ser solicitado polo interesado á xunta electoral, no prazo que vai desde a publicación do censo provisional ata 72 horas despois da publicación do censo definitivo.

4. Recibida pola xunta electoral a solicitude referida no punto anterior, comprobará a inscrición no censo do solicitante e a suficiencia e veracidade dos motivos alegados, resolvendo o procedente. En caso afirmativo, realizará a anotación correspondente no censo, co fin de que o día das votacións non se realice o voto persoalmente e estenderá un certificado autorizando o voto por correo.

5. Publicada a listaxe definitiva de candidaturas admitidas, enviaráselles aos solicitantes o certificado referido anteriormente, o sobre de votación e unha papeleta que corresponda ao estamento que pertenza, e que deberá levar a relación definitiva de tódalas candidaturas presentadas ordenadas alfabeticamente.

O elector introducirá a papeleta de voto no sobre da votación e pecharao. A copia da licencia en vigor e do DNI, así como o sobre de votación e o certificado indicado anteriormente introducirase nun sobre dirixido á mesa electoral que corresponda e deberá expresar o nome e apelidos do remitente, así como o estamento polo que vota.

O sobre remitirase por correo certificado ó lugar que sinale a xunta electoral, quen custodiará e entregará os votos recibidos á mesa electoral correspondente no momento do peche desta. Non serán admitidos os sobres que se reciban con posterioridade.

6. A xunta electoral fará chegar, con 48 horas de antelación á celebración das eleccións, á Dirección Xeral para o Deporte, unha listaxe indicativa das persoas habilitadas para votar por correo, no que se sinalará o nome e estamento ó que representan.

## Sección terceira: Elección do Presidente da FGTA

### Artigo 54. Candidaturas.

1. Poderá presentar candidatura a presidente da FGTA calquera persoa física de entre os membros da asemblea xeral que desempeñe a condición de tal como representante en calquera dos estamentos que a integran, que teña a condición política de galego, maior de idade, en pleno uso dos seus dereitos civís, que non incorrese en ningunha sanción deportiva que o inhabilite e que non estea inhabilitado para o desempeño dun cargo público por sentencia xudicial firme, debendo avalar a presentación da súa candidatura mediante a sinatura de, polo menos, o 10 % dos membros da nova asemblea xeral da federación.

Se algún membro da comisión xestora presentase a súa candidatura á presidencia, deberá, previa ou simultaneamente, cesar nesta.

O presidente saínte da federación será membro da nova asemblea xeral. Esta condición perderase nos casos de non presentar candidatura á presidencia ou, téndoa presentado, de non resultar elixido.

2. A presentación de candidaturas para presidente da federación farase na sede oficial da federación, nas súas delegacións ou en calquera outro lugar que fixe o regulamento electoral, mediante escrito dirixido á xunta electoral, facendo constar a condición de membro de pleno dereito da asemblea xeral, xunto cos avais acreditativos da súa candidatura.

3. Finalizado o prazo de presentación de candidaturas a presidente da federación, a xunta electoral exporá a listaxe provisional de candidatos a presidente garantindo o acceso á súa consulta a tódolos membros da federación interesados, podéndose presentar impugnacións a esta no prazo definido no regulamento electoral, que será como mínimo de dous días hábiles. As impugnacións serán resoltas pola xunta electoral no prazo máximo dos dous días hábiles seguintes.

A xunta electoral, se é o caso, publicará no día seguinte hábil a lista definitiva de candidatos á presidencia da federación.

Contra as resolucións da xunta electoral poderá interpoñerse recurso perante o Comité Galego de Xustiza Deportiva.

### Artigo 55. Sistema de votación para a elección do presidente.

1. Para que se proceda a elección válida de presidente será necesaria a presencia, no momento de iniciarse a asemblea xeral, de

cando menos a metade máis un dos seus membros. No día e hora fixados na convocatoria correspondente, constituirase a asemblea xeral en primeira ou segunda convocatoria, tendo como únicos puntos do día a elección de presidente e da comisión delegada da federación.

2. En primeiro lugar, formarase unha mesa electoral con dous membros que serán respectivamente o de maior e menor idade da asemblea. O primeiro actuará como presidente e o segundo como secretario. Así mesmo, e ata que conclúa a elección de presidente, exercerán funcións de presidente e secretario da asemblea. Non poderán formar parte da mesa os candidatos á presidencia ou á comisión delegada.

3. A continuación, o presidente procederá á presentación dos candidatos e lles permitirá unha breve intervención para expoñer os seus programas. A continuación procederase á votación, que será segreda.

4. A xunta electoral determinará o modelo de papeleta. Cada membro da asemblea só poderá votar a un dos candidatos.

5. Terminada a votación, a mesa electoral procederá ó reconto dos votos e levantará a oportuna acta, na que constarán os resultados e incidencias rexistradas.

6. O presidente da federación será elixido mediante sufraxio libre, directo, igual e segredo polos membros da asemblea xeral presentes no momento da elección. O voto será persoal e non se admitirá o voto por correo nin a delegación de voto dos membros que representen estamentos integrados por persoas físicas.

Será nomeado presidente o candidato que obteña a maioría absoluta dos votos dos membros presentes. No caso de que ningún candidato obteña esta maioría, procederase a unha segunda votación entre os dous máis votados, no prazo establecido no regulamento electoral, resultando elixido o que obteña maioría de votos.

No caso de existir soamente dous candidatos, resultará elixido o que obteña a maioría simple dos votos. O regulamento electoral deberá establecer o procedemento de desempate.

No caso de que se presentase un só candidato, non se efectuará votación e no mesmo acto quedará proclamado Presidente da FGTA.

7. Se non se presentase ningunha candidatura ou non fose válida ningunha das presentadas, a comisión xestora administrará a federación e convocará e realizará novas eleccións a presidente no prazo máximo de tres meses.

8. Rematada a elección, a acta do resultado desta será remitida á xunta electoral. Transcorridos os prazos de presentación de posibles recursos e resoltos estes, a xunta electoral proclamará presidente ó candidato máis votado e comunicará os resultados á Dirección Xeral para o Deporte no prazo máximo de dez días.

9. Unha vez proclamado definitivamente o novo presidente, a comisión xestora deberá poñer á disposición deste no prazo máximo de cinco días hábiles, contados desde a proclamación definitiva, toda a documentación relativa á federación, levantando acta da

documentación entregada e remitíndolle copia desta á Dirección Xeral para o Deporte.

10. Trala súa proclamación, o presidente designará os demais órganos e comités de acordo cos estatutos da federación, debendo comunicarlle a súa composición á Dirección Xeral para o Deporte no prazo máximo de dez días hábiles dende o seu nomeamento.

11. A persoa que resulte elixida presidente terá que cesar en todo tipo de actividades técnicas e directivas no deporte específico e no ámbito territorial da FGTA. Non existirá incompatibilidade, en ningún caso, coa práctica do deporte.

## Sección cuarta: Elección da comisión delegada

### Artigo 56. Elección dos membros da comisión delegada.

1. Na mesma asemblea xeral convocada para a elección de presidente, e unha vez realizada esta, procederase á elección dos membros da comisión delegada da asemblea xeral, de acordo co disposto no artigo 27º destes estatutos.

2. Os membros da comisión delegada serán elixidos entre e polos integrantes da asemblea xeral por voto libre, igual, directo e segredo. O voto será persoal e non se admitirá o voto por correo nin a delegación de voto dos membros que representen estamentos integrados por persoas físicas.

3. Serán elixidos membros da comisión delegada os que obteñan maior número de votos ata cubri-lo número de membros correspondente á comisión delegada.

4. Será de aplicación analóxica para a elección da comisión delegada o previsto no artigo 54 respecto á presentación de candidaturas (agás a necesidade de presentar aval) e nos apartados 4, 5 e 8 do artigo 55 dos presentes estatutos.

5. Se se produce unha vacante durante o período de desempeño do cargo, o posto será cuberto polo seguinte candidato máis votado.

## Sección cuarta: Recurso electoral

### Artigo 57. Recurso electoral.

1. Contra os acordos e resolucións da xunta electoral procederá recurso electoral ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva, poñendo fin as resolucións deste á vía administrativa.

Están lexitimados para interpoñer este recurso os representantes das candidaturas ou as persoas ou entidades debidamente afectadas polos acordos da xunta electoral.

2. Os prazos para formalizaren estes recursos estableceranse no regulamento electoral e serán de dous días hábiles como mínimo desde o seguinte ao da notificación do acordo expreso da correspondente xunta electoral ou do seguinte a aquel en que rematou o prazo de resolución de reclamacións segundo o calendario electoral.

3. O escrito de interposición do recurso deberá expresar:

a) Nome, DNI e domicilio da persoa física ou denominación e enderezo social dos entes asociativos interesados, incluíndo neste último caso o nome do seu representante legal.

b) Se é o caso, o nome, DNI e enderezo do representante do interesado, podendo acreditar a súa representación, ademais de polos medios legais procedentes, a través de comparecencia ante a Secretaría do Comité Galego de Xustiza Deportiva.

c) Lexitimación para interpoñer o recurso.

d) O acto que se recorre e a razón da súa impugnación.

e) As consideracións de feito e de dereito nas que baseen as súas pretensións, así como as propostas de proba que ofrezan en relación con aquelas.

f) As pretensións que se deduzan de tales consideracións.

g) Lugar, data e sinatura.

## Capítulo IV
## Réxime económico

Artigo 58. Réxime de administración e xestión.

1. A FGTA está sometida ó seu réxime de administración e xestión de orzamento e patrimonio propios e caixa única.

A FGTA levará os correspondentes libros de contabilidade, dos que deberá deducirse tanto a situación patrimonial como a producción de ingresos e gastos, dereitos e obrigas. A contabilidade deberá xustifica-la exactitude dos resultados das operacións económicas realizadas e axustarase ás normas dos plans de contabilidade das federacións deportivas que dicte a consellería correspondente.

2. A FGTA ten un patrimonio e unha actividade económica propia. Nesta materia, xunto coas regras que se establezan nos artigos seguintes seralle de aplicación o disposto na Lei 11/1997, do 22 de agosto, xeral do deporte de Galicia, e as demais disposicións legais e regulamentarias que sexan de aplicación.

3. A vida económica da FGTA axustarase a un orzamento anual no que figurarán ingresos e gastos nivelados e clasificados por funcións, capítulos, artigos, conceptos e partidas.

4. O orzamento deberá elaborarse anualmente, correspondendo a súa aprobación á asemblea xeral.

5. Sen a previa autorización expresa da Dirección Xeral para o Deporte, a FGTA non poderá aprobar orzamentos deficitarios, nin comprometer gastos de carácter plurianual, cando o gasto anual comprometido supere o 10 % do seu orzamento ou exceda o período de mandato do presidente. En ningún caso se poderán repartir beneficios entre os seus membros.

6. A requirimento da Dirección Xeral para o Deporte, nas condicións que esta determine, a FGTA deberá someterse á inspección do seu réxime documental e da súa contabilidade, así como á auditoría

financeira ou verificación contable da totalidade dos seus gastos para comprobar o seu estado económico.

7. Conforme ó disposto no artigo 42 destes estatutos, a xestión económica ordinaria correrá a cargo do tesoureiro, baixo a dirección do presidente, coidando das operacións de cobramentos e pagamentos. Autorizará coa súa sinatura, solidaria coa do presidente, ou coa do vicepresidente autorizado, tódolos documentos de movementos de fondos. Será responsable das obrigas de completar e custodiar dos libros de contabilidade e elaborará os balances que anualmente deberán presentarse á asemblea xeral para a súa aprobación.

Artigo 59. Destino dos recursos da FGTA.

A FGTA aplicará os seus recursos ó cumprimento dos seus fins, de acordo co establecido nos presentes estatutos, e en especial:

a) Poderá fomentar manifestacións de carácter físico-deportivo e organizar actividades ou competicións deportivas dirixidas ó público en xeral. Os beneficios económicos, se os houbese, destinaranse ó desenvolvemento do seu obxecto social.

b) Poderá gravar e allear bens, mobles ou inmobles, e tomar cartos a préstamo, sempre e cando estes actos non comprometan de modo irreversible o patrimonio da entidade, nin a actividade que constitúe o seu obxecto. En todo caso cando a súa contía exceda do 25% do orzamento anual da federación, ademais do acordo da asemblea xeral será imprescindible informe favorable da Dirección Xeral para o Deporte. Cando se trate de bens inmobles que fosen financiados en todo ou en parte, con fondos públicos da Comunidade Autónoma galega, será preceptiva a autorización da Dirección Xeral para o Deporte para o seu gravame ou alleamento.

c) Poderá exercer complementariamente actividades comerciais, industriais, profesionais ou de servicios coa condición de que os posibles beneficios se apliquen ó fomento da actividade deportiva.

Artigo 60. Patrimonio e recursos.

1. O patrimonio da FGTA está integrado polos bens dos que lle corresponda a titularidade.

2. Son recursos da FGTA:

a) As subvencións ordinarias e extraordinarias da Xunta de Galicia ou as que a RFETA e outras entidades públicas lle conceda.

b) Os bens e dereitos que reciba por herdanza, legado ou doazón.

c) As cotas dos seus afiliados.

d) As sancións pecuniarias que se impoñan ós seus afiliados dentro do exercicio da potestade disciplinaria.

e) Os froitos, rendas e xuros do seus bens patrimoniais.

f) Os préstamos ou créditos que lle concedan.

g) Os beneficios que produzan as actividades e competicións deportivas que organice, e os derivados dos contratos que celebre.

h) Os beneficios que produzan as actividades de carácter industrial, comercial, profesional ou de servicios que realice.

i) Calquera outro que poida serlle atribuído por disposición legal ou por convenio.

3. A FGTA destinará a totalidade dos seus ingresos e patrimonio á consecución dos fins propios do seu obxecto social.

Artigo 61. Memoria.

A FGTA elaborará unha memoria na que se incluirá a liquidación do orzamento, que analizará fielmente a actividade económica da federación, a súa adecuada actuación orzamentaria, o cumprimento dos obxectivos e os proxectos que se vaian desenvolver, e informar separadamente como mínimo sobre os seguintes aspectos:

1. Diferenciación dos ingresos e achegas segundo:

a) Subvencións públicas.

b) Subvencións, donativos ou achegas privadas.

c) Vendas de activos.

d) Ingresos procedentes de competicións organizadas.

e) Ingresos para servicios prestados pola federación, permisos, licencias e outros.

f) Ingresos financeiros.

2. Tamén constará o destino da totalidade dos recursos, distinguindo como mínimo os grupos de custo ou investimentos seguintes:

a) Administración da federación.

b) Dirección e servicios da directiva, incluíndo viaxes.

c) Competicións.

d) Axudas a clubs e outras entidades.

e) Axudas para actos deportivos.

f) Construccións e outros inmobilizados.

g) Formación de deportistas e técnicos.

h) Deportes de elite e profesional.

i) Xuíces.

k) Órganos xurisdiccionais.

3. O importe das obrigas de pagamento que é necesario satisfacer noutros exercicios que non estean previstos no balance.

4. O importe das garantías e os avais comprometidos.

5. A liquidación do orzamento, que explique as variacións en relación co orzamento aprobado na asemblea anterior.

## Capítulo V
## Réxime documental

Artigo 62. Libros necesarios.

A FGTA levará, como mínimo, os seguintes libros debidamente dilixenciados polo Rexistro de Asociacións Deportivas e Deportistas de Galicia:

a) Libro de rexistro de entrada e saída de documentos e comunicacións oficiais.

b) Libro de rexistro de clubs nos que constarán a denominación destes, domicilio social e número de inscrición no Rexistro de Asociacións Deportivas e Deportistas de Galicia.

c) Libro de actas, no que se deixará constancia das reunións e acordos tomados pola asemblea xeral, a comisión delegada e a xunta directiva. Poderán incluírse tamén, se se considera oportuno, as deliberacións e acordos dos diversos comités.

d) Libros de contabilidade.

e) Libro inventario de bens mobles e inmobles.

f) Rexistro dos membros da asemblea xeral e da comisión delegada no que deberán constar os nomes dos titulares ou representantes legais e os domicilios para as citacións e comunicacións.

Artigo 63. Funcións documentais do secretario.

O réxime documental da FGTA correrá a cargo do secretario, a quen lle corresponden as seguintes funcións:

a) Custodia-los libros da FGTA.

b) Levanta-las actas das reunións dos órganos colexiados e, unha vez aprobadas, asinalas co visto e prace do presidente, de conformidade co previsto no artigo 16 destes estatutos.

c) Expedi-las certificacións que lle sexan solicitadas

d) Remiti-las certificacións e acordos que procedan á Dirección Xeral para o Deporte.

e) En xeral, prepara-la resolución e despacho de tódolos asuntos.

Artigo 64. Publicidade da documentación federativa.

1. Toda persoa ou entidade integrada na FGTA poderá examina-los libros federativos relacionados no artigo 62, sempre que forme parte da asemblea xeral e o solicite por escrito motivado dirixido ó presidente da FGTA. O exame levarase a cabo na sede da FGTA, en presencia do secretario, sen que en ningún caso se permita o desprazamento dos libros fóra da sede.

2. O mesmo se aplicará, analoxicamente, a calquera solicitude de información distinta do exame dos libros, se ben a mesma poderá ser requirida por persoa ou entidade integrada na FGTA, aínda que non pertenza á asemblea xeral.

3. No obstante o mencionado nos números anteriores, os membros da xunta directiva o da comisión delegada da asemblea terán libre acceso, en calquera momento, ós antecedentes e documentos da FGTA.

4. A Administración autonómica poderá inspecciona-los libros e documentos da FGTA co obxecto de garanti-lo cumprimento dos obxectivos e das funcións que se lle encomendan na Lei Xeral para o Deporte.

## Capítulo VI
## Réxime disciplinario

Sección primeira: Principios xerais do réxime disciplinario da FGTA

Artigo 65. Concepto, réxime e principios da potestade disciplinaria.

1. Enténdese por potestade disciplinaria a facultade de investigar e, se é o caso, impoñerlles sancións ós suxeitos que interveñan na organización deportiva con ocasión de infraccións das regras de xogo ou competición e das normas xerais deportivas.

2. O réxime disciplinario da FGTA réxese polo previsto no título VII da Lei 11/1997, do 22 de agosto, Xeral do Deporte de Galicia, no Decreto 198/1998, do 25 de xuño, polo que se constitúe o Comité Galego de Xustiza Deportiva e se establece o procedemento de designación dos seus membros, polo regulado no presente capítulo destes estatutos e polas disposicións federativas aprobadas conforme ás anteriores normas.

3. O exercicio da potestade disciplinaria basearase nos seguintes principios:

a) Ninguén poderá ser sancionado por accións ou omisións que non estean tipificados como infracción no momento da súa comisión.

b) Só terán efecto retroactivo as disposicións que favorezan ó infractor.

c) Ninguén poderá ser sancionado máis dunha vez polos mesmos feitos.

d) Só poderán impoñerse sancións en virtude do expediente instruído ó efecto, con audiencia do interesado e ulterior dereito a recurso.

Artigo 66. Ámbito obxectivo.

1. O ámbito disciplinario da FGTA esténdese ás infraccións das regras de xogo ou competición do tiro con arco e das normas xerais deportivas.

2. Son infraccións das regras de xogo ou competición do tiro con arco as accións ou omisións que, durante o curso da actividade deportiva do tiro con arco, vulneren, impidan ou perturben o seu normal desenvolvemento.

3. Son infraccións das normas xerais deportivas as accións ou omisións que supoñan un quebrantamento por parte de calquera das persoas suxeitas ó ámbito de aplicación destes estatutos, de calquera norma de aplicación no deporte non incluída no apartado anterior ou dos principios xerais da conducta deportiva.

4. O réxime disciplinario da FGTA é independente da responsabilidade civil ou penal, ou de relacións laborais, que se rexerá pola lexislación aplicable en cada caso.

Artigo 67. Ámbito subxectivo.

1. A potestade disciplinaria da FGTA, segundo o previsto no artigo 4.n) dos presentes estatutos, exércese sobre tódalas persoas que forman parte da súa estructura orgánica, os clubs deportivos e os seus deportistas, técnicos e directivos, os xuíces e, en xeral, todas aquelas persoas e entidades que, estando federadas desenvolvan a actividade

deportiva de tiro con arco no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. A potestade disciplinaria da FGTA é independente da que lle poida corresponder ós seguintes suxeitos:

a) Ós xuíces, durante o desenvolvemento dunha competición, con suxeición ás regras establecidas nos regulamentos.

b) Ós clubs deportivos e ás asociacións deportivas, sobre os seus socios ou asociados, deportistas, técnicos, directivos e administradores, de acordo co establecido nos seus estatutos.

c) Ó Comité Galego de Xustiza Deportiva, sobre as mesmas persoas e entidades que a FGTA, sobre esta mesma e os seus directivos.

Artigo 68. Persoas responsables.

1. Serán persoas responsables disciplinariamente, e poderán ser sancionadas conforme a este capítulo, todas aquelas que cometan calquera das infraccións previstas nel.

2. Os menores de dezaseis anos estarán suxeitos a responsabilidade disciplinaria, mais esta circunstancia de idade poderá ser apreciada como circunstancia atenuante polo órgano sancionador.

3. A responsabilidade disciplinaria poderá recaer sobre unha persoa xurídica, club deportivo ou asociación cando a infracción sexa consecuencia de accións ou omisións cometidas ou ordenadas polos seus órganos representativos no exercicio de súas funcións, ou cando estes colaborasen na comisión de calquera infracción ou a permitisen cando puideron impedila.

Artigo 69. Extinción e prescrición.

1. A responsabilidade disciplinaria extínguese:

a) Polo cumprimento da sanción.

b) Polo falecemento do inculpado.

c) Por disolución do club ou da federación deportiva sancionados.

d) Por prescrición das infraccións ou sancións.

2. As infraccións leves prescribirán ó mes, as graves ó ano e as moi graves ós tres anos.

3. O termo de prescrición comeza a contar o día no que se cometeron os feitos e interrómpese no momento no que se acorda inicia-lo procedemento sancionador, pero volve correr se o expediente permanecese paralizado durante un mes por causa non imputable ó infractor.

4. As sancións prescribirán ós tres anos, ó ano ou ó mes, segundo se trate das que correspondan a infraccións moi graves, graves ou leves. O prazo de prescrición comeza a contar desde o día seguinte a aquel no que adquira firmeza a resolución pola cal se impuxo ou desde que se quebrantase o seu cumprimento, se este xa comezou. Interrompe o cómputo da prescrición calquera actuación encamiñada a executar as sancións impostas.

## Sección segunda: Tipificación das infraccións

Artigo 70. Clases de infraccións.

As infraccións que cometan as persoas suxeitas a estes estatutos na actividade deportiva ou como consecuencia da mesma, poden ser leves, graves e moi graves.

Artigo 71. Infraccións moi graves.

Consideraranse como infraccións moi graves ás regras do tiro con arco ou competición, ou ás normas xerais deportivas:

a) As actuacións dirixidas a predeterminar, mediante prezo, intimidación ou simple acordo ou decisión, o resultado dunha proba ou competición.

b) Os comportamentos, actitudes e xestos agresivos, inxuriosos, antideportivos ou racistas dos arqueiros, cando se dirixan ó xuíz, a outros arqueiros ou ó publico.

c) Os quebrantamentos de sancións impostas.

d) A manipulación ou alteración, xa sexa persoalmente ou a través de persoa interposta, do material ou do equipamento deportivo en contra das regras técnicas do tiro con arco cando poidan alterar a seguridade da proba ou competición ou poñan en perigo a integridade das persoas.

e) A utilización, a incitación ou a promoción do uso de substancias estimulantes ou estupefacientes ou fármacos prohibidos que poidan producir alteracións no normal rendemento deportivo, de acordo coa normativa vixente en cada momento nesta materia e a negativa a someterse ós controis deles.

f) A participación incorrecta e a ausencia ou retirada inxustificada das probas, encontros ou competicións.

g) A participación en probas ou competicións non autorizadas pola Administración deportiva de Galicia.

h) A non execución das resolucións do Comité Español de Disciplina Deportiva, do Comité Galego de Xustiza Deportiva ou dos órganos disciplinarios da propia FGTA.

i) O incumprimento de acordos da Asemblea Xeral e dos regulamentos federativos.

k) A non convocatoria dos órganos de goberno da FGTA nos prazos e nas condicións establecidas nestes estatutos.

l) A incorrecta utilización dos fondos privados ou das subvencións, créditos, avais e demais axudas de carácter público.

m) A organización de actividades distintas ás competicións oficiais sen a preceptiva autorización da Administración deportiva de Galicia.

n) A denegación inxustificada da licencia.

ñ) O incumprimento dos convenios subscritos coa Administración deportiva de Galicia.

o) A reiteración de faltas graves.

p) As declaracións públicas de directivos, técnicos, xuíces, deportistas ou socios que inciten ós seus equipos ou ós espectadores á violencia.

q) A realización de actos encamiñados a coarta-lo libre exercicio do tiro con arco ou a celebración dun encontro, proba ou competición ou que obriguen a suspendela.

r) A falta de asistencia non xustificada ás convocatorias das seleccións deportivas galegas, referidas tanto ós adestramentos como á celebración efectiva da proba ou competición, cando non se renunciase previamente a formar parte da mesma.

s) Propoñer á asemblea xeral, para a súa aprobación, un orzamento deficitario ou que inclúa gastos de carácter plurianual sen a regulamentaria autorización da Dirección Xeral para o Deporte, segundo o previsto no artigo 58.5 dos estatutos.

t) O abuso de autoridade.

Artigo 72. Infraccións graves.

Consideraranse infraccións graves as seguintes:

a) O incumprimento de ordes e instruccións emanadas dos órganos deportivos competentes.

b) Actuar de forma pública e notoria contra a dignidade e o decoro propios da actividade deportiva.

c) As protestas individuais airadas e ostensibles, feitas publicamente contra xuíces, técnicos directivos e demais autoridades deportivas.

d) A manipulación ou alteración, xa sexa persoalmente o por persoa interposta, do material ou equipamento deportivo en contra das regras técnicas do tiro con arco, cando non constitúa infracción moi grave.

e) O incumprimento das regras de administración e xestión do orzamento e patrimonio establecidas nestes estatutos e nas disposicións legais.

f) O exercicio de actividades públicas ou privadas declaradas incompatibles coa actividade o función deportiva desempeñadas.

g) A falta de asistencia a unha mesa electoral por parte dun dos seus integrantes, conforme ó disposto no artigo 51.2 destes estatutos.

h) A reiteración de faltas leves.

Artigo 73. Infraccións leves.

Consideraranse infraccións leves:

a) As conductas contrarias ás normas deportivas que non estean tipificadas na cualificación de moi graves ou graves no presente estatuto ou nas normas legais o regulamentarias.

b) As observacións formuladas ós xuíces, técnicos, directivos e demais autoridades deportivas no exercicio das súas funcións que supoñan unha lixeira incorrección.

c) A lixeira incorrección co público, competidores, compañeiros e persoal de campo ou sala.

d) A adopción dunha actitude pasiva no cumprimento das ordes e instruccións recibidas de xuíces e autoridades deportivas no exercicio das súas funcións.

e) O descoido na conservación e coidado dos locais sociais, instalacións deportivas e outros medios materiais.

f) Presentarse a unha proba ou competición con equipo e/ou vestimenta incorrecta (indumentaria non deportiva segundo os criterios dos regulamentos da RFETA e/ou da FITA), agás que a incorrección sexa emendada nun tempo razoable trala advertencia do xuíz. O xuíz resolverá previamente ó inicio da competición, nos casos de dúbida, sobre a aceptación da roupa que vistan os arqueiros de acordo coa normativa nacional e internacional.

## Sección terceira: Sancións

### Artigo 74. Sancións por infraccións moi graves.

Pola comisión de infraccións moi graves poderanse impoñer as seguintes sancións:

a) Multa en contía non superior a 600 euros.

b) Perda de puntos ou postos de clasificación.

c) Perda de ascenso de categoría ou división.

d) Clausura do recinto deportivo por un período máximo dunha tempada

e) Celebración de competicións a porta pechada.

f) Prohibición de acceso ós campos ou salas de tiro onde se desenvolvan competicións de tiro con arco por tempo non superior a cinco anos.

g) Suspensión ou privación da licencia federativa ou da habilitación para ocupar cargos nunha organización deportiva por un prazo máximo de cinco anos.

h) Suspensión ou privación da licencia federativa ou da habilitación para ocupar cargos na organización deportiva a perpetuidade. Esta sanción só se poderá acordar, de modo excepcional, pola reincidencia en infraccións de extrema gravidade.

i) Inhabilitación por un período de dous a catro anos, cando as infraccións fosen cometidas por directivos.

k) Destitución do cargo, cando as infraccións fosen cometidas polos directivos.

### Artigo 75. Sancións por infraccións graves.

Pola comisión de faltas graves poderanse impoñer as seguintes sancións:

a) Amoestación pública.

b) Multa en contía non superior a 300 euros.

c) Perda de puntos ou postos na clasificación.

d) Clausura do recinto deportivo ata un máximo de catro competicións ou tres meses.

e) Suspensión dos dereitos de asociado ata un máximo dun ano.

f) Suspensión ou privación da licencia federativa ou habilitación equivalente e inhabilitación para ocupar cargos dun mes a dous anos.

g) Inhabilitación por un período de dous a catro anos, cando as infraccións fosen cometidas por directivos.

Artigo 76. Sancións por infraccións leves.

Pola comisión de faltas leves poderanse impoñer as seguintes sancións:

a) Apercibimento.

b) Inhabilitación para ocupar cargos ou suspensión de ata un mes, ou dun a tres encontros ou probas.

c) Multa en contía non superior a 100 euros.

Artigo 77. Criterios para a imposición de sancións.

1. A resolución impoñerá á persoa responsable a sanción que máis relación garde coa natureza dos feitos constitutivos de infracción, dentro das previstas para cada tipo.

2. A sanción que se impoña ó infractor adecuarase á gravidade do feito, de forma que se respecte unha proporcionalidade na súa graduación. Os órganos sancionadores poderán, no exercicio da súa función, aplica-la sanción no grao que consideren adecuado, tendo en conta os caracteres dos feitos, a personalidade do responsable, as consecuencias da infracción e a concorrencia de circunstancias atenuantes ou agravantes.

3. Son circunstancias atenuantes da responsabilidade:

a) O arrepentimento instantáneo.

b) A provocación suficiente inmediatamente anterior á comisión da infracción.

c) A reparación do dano causado ou a corrección da situación irregular constitutiva de infracción antes da iniciación do expediente sancionador.

4. Son circunstancias agravantes da responsabilidade:

a) A reincidencia do infractor.

b) Executa-lo feito mediando prezo, recompensa ou promesa.

c) O prexuízo económico causado.

d) O beneficio deportivo pretendido.

5. Únicamente poderán impoñerse sancións consistentes en multa pecuniaria ás asociacións deportivas.

Cando as infraccións sexan cometidas por arqueiros no transcurso dunha competición e se produza a alteración de resultados conforme o previsto no artigo seguinte os órganos disciplinarios poderán acordar como medida complementaria a devolución dos premios recibidos, que non terá o carácter de sanción.

6. Para unha mesma infracción poderá impoñerse a sanción de multa de modo simultáneo a calquera outras sancións de distinta natureza sempre que estea prevista para a categoría de infracción de que se trate e que, no seu conxunto, resulte congruente coa gravidade da mesma. A contía determinarase polo órgano sancionador de acordo coas circunstancias concorrentes, e dentro dos límites máximos fixados para cada caso. O non pagamento das multas terá a consideración de quebrantamento da sanción.

7. As multas deberán ser pagadas ó órgano sancionador, no prazo máximo de quince días hábiles contados desde a notificación da resolución, na forma que nesta se indique. O pagamento acreditarase mediante o correspondente recibo.

Artigo 78. Alteración de resultados.

Con independencia das sancións que poidan corresponder, os órganos disciplinarios terán a facultade de altera-lo resultado das probas, competicións ou torneos (acordando a perda de puntos ou postos na clasificación) nos seguintes supostos:

a) Por causa de predeterminación do resultado da proba ou competición mediante prezo, intimidación ou simples acordos

b) Nos supostos de participación indebida.

c) En xeral, en tódolos casos nos que a infracción supoña unha grave alteración do orden da proba, competición ou torneo.

Artigo 79. Rexistro de sancións.

A FGTA levará un libro rexistro de sancións para os efectos da reincidencia e prescrición das infraccións e sancións.

## Sección cuarta: Órganos competentes en materia disciplinaria e procedemento sancionador

Artigo 80. Xuíces e xurado de apelación.

1. Os xuíces dunha proba, competición ou campionato, serán os competentes para impoñe-las sancións leves ás regras do tiro con arco ou da competición durante o desenvolvemento dos mesmos, actuando neste caso como órgano disciplinario da FGTA.

Estas sancións poderán impoñerse no acto sen necesidade de trámite ningún e poderán executarse sen demora e sen prexuízo do recurso que se presentase ó xurado de apelación da competición antes de remata-la proba.

No caso de infraccións graves ou moi graves ás regras do tiro con arco, o xuíz, sen prexuízo da aplicación das decisións técnicas que adopte conforme ó regulamento da Real Federación Española de Tiro con Arco (incluída a descualificación da proba), deberá informar de contado ó órgano competente para coñecer da infracción cometida.

2. En cada campionato ou competición oficial a FGTA nomeará un xurado de apelación composto de tres membros, dos cales ó menos un deberá ostentar a condición de xuíz e exercerá a función de presidente. O xuiz da competición non poderá formar parte do xurado de apelación.

Este órgano coñecerá dos recursos contra as decisións dos xuíces que se presenten a través do capitán de equipo mediante escrito sucinto no que se indiquen os motivos da impugnación. Non se admitirán apelacións contra a puntuación dunha frecha.

O xurado estará dispoñible en todo momento no terreo de tiro durante a competición, incluso no adestramento oficial, e ata 30 minutos despois da finalización das tiradas.

Artigo 81. Órganos disciplinarios da FGTA.

1. En tódolos supostos non previstos no artigo anterior, a FGTA será competente para coñecer de tódalas infraccións a que se refire o presente estatuto, a través dos seguintes órganos:

a) En primeira instancia, un xuíz único. Será nomeado pola asemblea xeral, entre os xuíces da federación.

b) En segunda instancia, un comité de apelación, composto de tres membros pertencentes ó estamento de xuíces nomeados pola asemblea xeral.

A xunta directiva propoñerá á asemblea xeral os candidatos a ocupar estes órganos entre aqueles xuíces que reúnan os requisitos de experiencia e dispoñibilidade. De non resultaren elixidos pola asemblea xeral os candidatos propostos pola xunta directiva, calquera membro daquela poderá propoñer candidatos alternativos para ocupar os órganos disciplinarios.

2. Os nomeamentos dos anteriores órganos será comunicada á Dirección Xeral para o Deporte, na forma prevista nestes estatutos (artigo 15).

A duración do cargo coincidirá coa da asemblea xeral que os nomeou e durante ese período só cesarán por renuncia ou dimisión, morte, incapacidade física ou psíquica, perda da condición de membro da federación e sanción que o inhabilite para o cargo.

Artigo 82. Procedemento sancionador.

1. Para impoñer sancións por calquera tipo de infracción será preceptiva a instrucción dun expediente que deberá discorrer polos seguintes trámites:

a) Notificación ó interesado da iniciación do expediente con expresión dos cargos que se lle imputan. Nos casos de infracción das regras do xogo, esta notificación poderase facer a través da acta da competición.

b) Prazo de quince días para propoñer e practicar proba.

c) Audiencia ó interesado ó termo da instrucción, coa posibilidade de efectuar alegacións por parte deste e de achega de documentos.

d) Notificación persoal ou pública ó interesado da resolución dictada.

e) Recursos que procedan, indicando se esgotan ou non a vía federativa e, neste último caso, indicación expresa de recurso e prazo perante o Comité Galego de Xustiza Deportiva.

2. Sen prexuízo da designación de un enderezo distinto, a efectos das notificacións que cómpre efectuar ó interesado, entenderanse correctamente realizadas as intentadas no enderezo facilitado polo interesado para a tramitación da licencia federativa.

3. Os órganos disciplinarios da FGTA deberán comunicar ó Ministerio Fiscal aquelas infraccións que puideran revestir caracteres de delicto ou falta penal. Neste suposto os órganos disciplinarios deportivos acordarán a suspensión do procedemento, segundo as

circunstancias concorrentes, ata que recaia a correspondente resolución xudicial, quedando así interrompidos os prazos de prescrición. Non obstante, poderán adoptarse medidas provisionais mediante providencia notificada a tódalas partes interesadas.

4. No non previsto en materia disciplinaria nos presentes estatutos será aplicable con carácter subsidiario o Real Decreto 1591/1992, do 23 de decembro, sobre disciplina deportiva, o Real Decreto 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento de procedemento para o exercicio da potestade sancionadora e o título IX da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común.

En todo caso as normas de procedemento deberán garanti-lo normal desenvolvemento do xogo ou da competición e deberanse interpretar e aplicar en tal sentido.

Artigo 83. Recurso ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva.

As resolucións dictadas polo comité de apelación dentro das súas competencias, terán carácter definitivo no ámbito da FGTA e poderán ser recorridas no prazo de quince días hábiles ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva antes de acudir á vía contencioso-administrativa, conforme á lexislación vixente.

## Capítulo VII
## Da modificación dos estatutos e da disolución da FGTA

Artigo 84. Modificación dos estatutos.

1. Os estatutos da FGTA só poderán ser modificados pola asemblea xeral, a proposta do presidente ou membros da asemblea que representen polo menos a terceira parte dos compoñentes totais, e deberá ser aprobada por un número de votos que representen as tres quintas partes (60 %) do total dos membros da asemblea xeral. En todo caso, a proposta deberá ir acompañada do novo texto que se pretenda, que se engadirá á orde do día e será notificado ós membros da asemblea na mesma forma que este.

2. Aprobada a reforma dos estatutos pola asemblea xeral, deberá ser notificada no prazo de 15 días á Dirección Xeral para o Deporte para ser ratificada e non entrará en vigor ata que se produza a ratificación.

3. A aprobación e modificación dos regulamentos da FGTA é competencia da comisión delegada da asemblea e necesitará, en todo caso, o voto favorable dos dous tercios dos seus membros.

Artigo 85. Extinción da FGTA.

1. A FGTA extinguirase polas seguintes causas:

a) Por acordo dunha maioría da asemblea xeral que represente as dúas terceiras partes do total dos seus membros. Para a validez deste acordo será necesaria a súa ratificación pola Dirección Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia.

b) Polas demais causas que determinen as leis.

2. A asemblea xeral, acordada a disolución da FGTA, designará unha comisión liquidadora, con capacidade para administrar, conservar e recuperar os bens e dereitos da entidade, efectuar pagos e, en xeral, exercer aquelas outras accións imprescindibles para practicar a liquidación final. Concretamente, corresponde á comisión liquidadora:

a) Velar pola integridade do patrimonio da federación.

b) Concluí-las operacións pendentes e efectuar as novas que sexan precisas para a liquidación.

c) Cobra-los créditos a favor da federación.

d) Liquida-lo patrimonio e pagar ós acredores.

e) Destina-lo patrimonio neto resultante, se o houbese, ós fins indicados no apartado seguinte.

f) Solicita-la cancelación dos asentos da FGTA no Rexistro de Asociacións Deportivas e Deportistas de Galicia.

3. No caso de disolución da FGTA o patrimonio neto destinarase para os fins de carácter deportivo que determine a Dirección Xeral para o Deporte.

**Disposición transitoria**

O mandato do actual presidente e dos órganos regulamentariamente vixentes durará ata que se celebren novas eleccións de acordo cos prazos e forma previstos nestes estatutos.

**Disposición derrogatoria**

Á entrada en vigor dos presentes estatutos, quedan derrogados os estatutos aprobados pola Asemblea Xeral de 3 de decembro de 1995, ratificados mediante a Resolución do 11 de abril de 1996 da Secretaría Xeral para o Deporte (publicada no DOGA nº 139, do martes 16 de xullo de 1996) e as disposicións que se opoñan ós mesmos.

**Disposicións derradeiras**

Primeira. As referencias que nos presentes estatutos se efectúan á órganos administrativos e normas xurídicas concretas entenderanse realizadas a aqueles que os substitúan.

Segunda. Os presentes estatutos entrarán en vigor o mesmo día da súa aprobación pola Dirección Xeral para o Deporte sen prexuízo da posterior publicación no Diario Oficial de Galicia.